PROGRAMACIÓN. Mínimos

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

I.E.S. Isidro Parga Pondal

Curso 2021-22

Neste documento, a modo de resumo da programación, presentamos os mínimos que deben desenvolverse no presente curso 2021-22 nas materias do departamento de Filosofía. Defínense por materias e cursos os contidos mínimos, as concrecións curriculares deses mínimos , os criterios, procedementos e instrumentos de avaliacións e asimismo os materiais e recursos a empregar das materias de, por esta orde, Valores Éticos (1º,2º,3º e 4º); Filosofía (de 4ºda ESO e 1º de Bacharelato); Oratoria e Argumentación de 1º de bacharelato; e de 2º de bacharelato, Historia da Filosofía e Psicoloxía.

1-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Tal e como se recolle nas normas, o proceso de ensinanza e aprendizaxe diríxese cara a unha serie de obxectivos, o que implica que partiremos dunha avaliación inicial que nos permita coñecer o punto do cal partimos e sobre o que se operarán os cambios para a aprendizaxe. O coñecemento dos niveis, características e necesidades do alumnado permitirán tomar unha serie de decisións relativas a:

Planificación e programación das actividades docentes.

Adopción de medidas de atención á diversidade na aula.

Metodoloxías a empregar.

A avaliación inicial do alumnado é un primeiro paso no proceso de avaliación continua que leva a cabo o equipo docente.

a) En ESO a avaliación inicial realizarase a través da observación directa do alumnado por parte do profesor/a para ver se as súas compentencias se adecúan ao esixible no nivel correspondente.

Esta observación será a través das actividades de aula e, se o profesor/a o considera oportuno, mediante probas escritas ou orais nas que o alumno ou alumna poida amosar as súas competencias. Como complemento traballarase en grupos que poderán indicarnos as tendencias xerais do alumnado. Realizaranse asemade simulacións de situación, debates…

Vense realizando a reunión de avaliación inicial durante o mes de outubro, xa que isto nos permite facilitar pautas para a adaptación do proxecto curricular ás características e necesidades do alumnado.

Será nesta reunión incial do equipo docente onde se expoñerá toda a información requirida polo profesorado na aula durante todo o período de avaliación incial co fin de recomendar as medidas compensatorias, reforzos, para aquel alumnado que se considere que o necesita.

b) Non hai reunión de avaliación inicial en BAC, pero aínda así cada profesor/a necesita coñecer de onde parte, para sobre isto ir operando os cambios para a aprendizaxe. Polo tanto, mediante a observación directa, ou con probas escritas ou orais, cada profesor/a realizará unha análise inicial que lle permitirá comprobar o nivel competencial do seu alumnado.

Unha vez realizada a avaliación inicial, naqueles cursos nos que se detecten necesidades de reforzo, o profesorado elaborára un plan de actividades para que o alumnado poida recuperar o nivel propio.

2- VALORES ÉTICOS

A) Obxectivos:

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas.

B) Contribución ao desenvolvemento das competencias

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas (CSC) está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística (CCL), pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender (CPAA) como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE), pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital(CD), que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.
Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a

de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta., o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

C) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, cómpre diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.
Paralelamente a todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe existir un proceso de avaliación que permita coñecer os resultados do mesmo. Estará dirixida non só á rendemento e progreso do alumno ou alumna, senón a todos e cada un dos aspectos do proceso de ensinanza- aprendizaxe por separado e en xeral como conxunto do proceso. Para isto, teranse presente os tres tipos de avaliación:

-Avaliación inicial: Ao inicio do curso e antes de cada unidade didáctica realizarase para coñecer a situación real do alumno/a; nivel de coñecementos previos, actitudes e expectativas, intereses e motivacións, e detectar os diferentes estilos de aprendizaxe.

-Avaliación formativa: será continua e progresiva para exercer un control permanente da evolución do proceso educativo, tomando as medidas inmediatas si houbera algún problema ou dificultade importante, terá en conta os obxectivos xerais e específicos de cada unidade e os criterios de avaliación.

-Avaliación global sumativa: ao finalizar cada unidade didáctica, cada trimestre e o curso, a súa finalidade será comprobar o grao de rendemento obtido polos alumnos así como examinar o grao de eficacia de todos os elementos do proceso educativo.

O departamento propón algunhas ferramentas para a avaliación:

1) Rexistro de observación de caderno.

. REXISTRO DE OBSERVACIÓN DO CADERNO

	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON
A portada do caderno, inclúe o curso, a materia, a data de inicio do caderno e o nome?																		
Indícase o inicio de cada tema e aparece a data en que toman os apuntamentos, se realizan as actividades, etc.?																		
Ao realizar unha actividade, cópiase o enunciado, ou polo menos indícase o seu número e onde atopalo (páxina do libro, fotocopias, Internet, etc.)?																		
Coidouse a ortografía e o uso correcto dos símbolos necesarios, así como a limpeza?																		
Respectáronse as marxes e realizouse unha distribución axeitada dos contidos do caderno?																		
Incluíronse correccións e aclaracións sempre que foi necesario?																		
Realizáronse ilustracións, debuxos, esquemas, resumos e/ou mapas mentais que axuden no estudo e comprensión do contido?																		

2) Diana de autoavaliación da xestión e a organización trimestral.

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana da dereita e marca cunha cruz nas intersecciónS correspondentes, de acordo con este criterio:

1. Nunca.
2. Puntualmente.
3. Xeralmente.
4. Sempre.

A continuación, une as cruces; obterás un polígono similar ao que se mostra no exemplo inferior. Canto maior sexa a área do polígono, máis alta será a puntuación.



NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.



3)Guión de autoavaliación para a realización de entrevistas.

4. GUIÓN DE AUTOAVALIACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ENTREVISTAS

Fíxate no seguinte guión de autoavaliación e reflexiona acerca dos textos que aparecen en cada fase.

Motivo da entrevista: Teño claro cal é o motivo de realizar esta entrevista? Que pretendo conseguir con ela? En que tema se centrará?

Entrevistado: Elixín a persoa máis axeitada para realizar a entrevista en función do tema para tratar? Expliqueille o obxectivo, a estrutura e o contido da entrevista?

Realización da entrevista: Presenteime ao inicio da entrevista, así como á persoa entrevistada? Preguntei con seguridade, orde e naturalidade, creando un diálogo agradable e interesante co entrevistado? Despedinme, agradecendo á persoa entrevistada a súa colaboración?

Estrutura da entrevista: Pensei que tipo de entrevista vou realizar e con que medios (gravadora de audio, de vídeo, lapis e papel, etc.)?

Contido da entrevista: Preparei unha batería de preguntas para realizar a entrevista? Tiven en conta as características da persoa entrevistada ao preparar as preguntas? Seleccioneinas e clasifiqueinas por orde de importancia, de modo que me asegure que a persoa entrevistada me responda as máis relevantes?

Reflexión: Realicei unha reflexión sincera e profunda tras a realización da entrevista? Cumprín cos obxectivos da entrevista?

Despois de finalizar cada fase, responde as seguintes preguntas en relación con ela:

- Que fixen?
- Como o fixen?
- Que é o que fixen mellor e por que?
- Que é o que máis me custou e por que?
- Que faría doutro xeito (ou non faría) e por que?
- Que é o que aprendín?
- Estou satisfeito ou satisfeita co traballo realizado? Por que?
- Como podo aplicar o que aprendín a outros contextos?
- Como podo mellorar a próxima vez?

4) Táboa de avaliación da busca de información e fiabilidade das fontes.

INFORMACIÓN	FONTE DA INFORMACIÓN	TIPO DE FONTE	REPUTACIÓN DA FONTE	DATA DE PUBLICACIÓN E/OU ACTUALIZACIÓN	EXPERIENCIA DO AUTOR E/OU FONTE	PARCIALIDADE E/OU TENDENCIOSIDADE DA FONTE	COTEXO DA INFORMACIÓN (con outras fontes)	É FIABLE A FONTE? POR QUE?
1								
2								
3								
4								
5								

Sempre que empregues unha fonte de información para realizar unha actividade ou traballo, lémbrate de indicala engadindo unha das seguintes referencias:

- Se é un libro: autor (apelido e inicial separados por coma), data de publicación (entre parénteses), título (en cursiva ou negra —podes engadir o número de edición, entre parénteses—), lugar de publicación, editorial e, de ser o caso, páxinas citadas.
- Se é unha páxina web: autor (apelido e inicial separados por coma), data de publicación da entrada web (entre parénteses), título do artigo, entrada ou post (en cursiva ou negra) e enlace que dirixa á páxina web.

5) Escala de autoavaliación da resolución de problemas

1	**Presentación do problema:** Lin detidamente a presentación do problema?	
2	**Clarificación do problema:** Pensei por que se propón este exercicio? Cal é a solución? Que sei e que necesito saber para darlle resposta?	
3	**Busca de posibles solucións:** Pensei en máis dunha solución, a pesar de crer que a primeira é a máis axeitada?	
4	**Proceso de elección da solución máis adecuada:** Elixín razoadamente a solución que cómpre explorar para resolver o problema?	
5	**Recursos, restricións e axudas para levar a cabo a solución elixida:** Tiven en conta os recursos, as restricións e as axudas que teño?	
6	**Plan da resposta:** Secuenciei os pasos que son necesarios para solucionar o exercicio, pensando que sei e que debo saber en cada paso?	
7	**Desenvolvemento da solución:** Solucionei correctamente o exercicio, seguindo o plan que me establecín inicialmente?	
8	**Punto de control:** Considerei nalgún momento se a solución elixida era realmente adecuada? En caso de non o ser, reformulei a devandita solución?	
9	**Comprobación e presentación da solución:** Comprobei que a solución é correcta? Coidei a presentación?	
10	**Avaliación da aprendizaxe:** Tras resolver o problema, reflexionei sobre o proceso de resolución, indicando aspectos que mellorar, dificultades atopadas, aprendizaxe obtida, etc.?	

6) Diana de autoavaliación da actitude na aula.

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana da dereita e marca cunha cruz nas intersección correspondentes, de acordo con este criterio:

1. Nunca.
2. Puntualmente.
3. Xeralmente.
4. Sempre.

A continuación, une as cruces; obterás un polígono similar ao que se mostra no exemplo inferior. Canto maior sexa a área do polígono, máis alta será a puntuación.



NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.



7) Rexistro de avaliación do traballo cooperativo.

NOME:										DATA:				
GRUPO:		4	3	2	1	4	3	2	1	4	3	2	1	REFLEXIÓN (debemos mellorar... porque...)
1	Realicei correctamente as responsabilidades do traballo asignado.													
2	Planifiquei previamente a realización do traballo asignado e cumprín coas actividades e tarefas encomendadas.													
3	Fun organizado no desenvolvemento tanto do traballo individual como do grupal, cumprindo cos prazos establecidos e traballando de forma ordenada e limpa.													
4	Respectei e valorei as achegas das miñas compañeiras e compañeiros, motivándoos e axudándolles en todo o posible, e realizando críticas construtivas.													
5	Participei na toma de decisións do grupo, achegando solucións creativas e empregando material complementario.													
6	Trouxen o material necesario para a realización do traballo cooperativo.													
7	Independentemente dos resultados, esforceime e dei o mellor de min.													
8	Contribuín ao bo ambiente de grupo, coñecendo a importancia que isto ten para poder realizar ben o noso traballo.													
9	Cumprín cos obxectivos de equipo, acordados previamente.													
10	Reflexionei e realicei unha conclusión sobre o traballo, elaborado de forma individual e polo grupo.													

D) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A nota de cada avaliación é a media das distintas notas porcentuais das actividades indicadas polo profesorado ao inicio da avaliación. Normalmente, serán un 70 % exames ou probas escritas, un 30% as actividades individuais (valorarase a constancia, a corrección e a orixinalidade) ou traballo que propoña a profesora, e tamén a participación en clase e pequenos traballos de carácter voluntario.

As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10 e terán en conta os seguintes criterios para a súa valoración. Distinguimos catro niveis que se corresponden coas notas de suspenso, aprobado, notable e sobresaínte. As notas numéricas de cada nivel saen de matizar con maior profundidade estes criterios.

As utilizadas son:

1. **Rúbrica de exposición oral:**

OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
COMUNICACIÓN ORAL	1		Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema que se vai tratar.	Saúda ao comezar e/ou preséntase.
	2		Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta e coida a linguaxe non verbal.	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, pero non coida a linguaxe non verbal.	Coida a linguaxe non verbal.	Usa o volume de forma adecuada.
	3		Realiza unha introdución esquemática e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica.	Realiza unha introdución esquemática da exposición.	A exposición presenta certa orde.
	4		Cítanse conclusións, convídase a realizar preguntas e despídese.	Cítanse conclusións e convídase a realizar preguntas.	Cítanse conclusións ou convídase a realizar preguntas.	Despídese.
CONTIDO DA EXPOSICIÓN	5		A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.	A información que transmite é doutro tema e ademais é errónea.
	6		A información foi traballada e elaborada polo propio alumno ou alumna a partir das fontes de información indicadas.	A información parece que foi elaborada polo alumno ou alumna, pero non indicou as fontes de información.	Parte da información transmítese directamente desde unha ou varias fontes de información.	A información simplemente se transmite desde as fontes sen comprobar a súa fiabilidade.
	7		Emprega a linguaxe de forma adecuada e amena, utilizando vocabulario (técnico) acorde ao tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada e utiliza vocabulario (técnico) acorde ao tema.	Emprega vocabulario (técnico) acorde ao tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada.
	8		Responde as preguntas con acerto e precisión.	Responde as preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde algunha pregunta con erros ou vaguidades.	Non responde a ningunha pregunta ou faino con continuos erros.
RECURSOS DE APOIO	9		Interactúa co auditorio mediante varias actividades que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.	Non realiza ningunha actividade de apoio que facilite a comprensión do tema da exposición.
	10		Emprega apoio audiovisual para lembrar datos ou dar exemplos importantes, e é creativo.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante ou non é creativo.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición axeitada.	Apenas emprega apoio audiovisual ou carece del.

2. Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais:

OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1		A presentación é creativa, amena e orixinal.	A presentación mostra certa creatividade e é amena.	A presentación está desenvolvida a partir dun patrón xa existente.	A presentación non é de autoría propia.
	2		A presentación cobre o tema con profundidade, mostrando un coñecemento profundo sobre el.	A presentación cobre o tema de forma adecuada, mostrando un coñecemento adecuado sobre el.	A presentación cobre o tema, pero só inclúe información esencial sobre el, mostrando certos erros na asimilación do contido.	A presentación apenas inclúe a información esencial do tema, mostrando erros ou carencias na asimilación do contido.
	3		O uso de imaxes e/ou vídeos é amplo e adecuado, axudando á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é correcto; algunhas imaxes axudan á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é limitado, e non achegan nin axudan á comprensión do tema.	Empréganse imaxes e/ou vídeos que acaparan a exposición do tema, pero non achegan nada ao traballo.
	4		A presentación ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	A presentación ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	5		A presentación inclúe portada (que introduce o tema e os autores) e un índice, e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento e convite a realizar preguntas.	A presentación inclúe unha portada e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento e convite a realizar preguntas, pero carece de índice.	A presentación inclúe unha portada e un índice, e péchase cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento, pero non de convite a facer preguntas.	A presentación inclúe unha portada, pero non un índice, nin conclusións, nin un convite a facer preguntas.
	6		A presentación mostra unha orde lóxica na exposición do contido: é fácil de seguir.	A presentación está bastante organizada; algunha idea ou transparencia parece fóra de lugar, pero en xeral é fácil de seguir.	A presentación é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas ou transparencias parecen fóra de lugar.	As ideas parecen estar ordenadas ao azar, con ideas e transparencias totalmente fóra de lugar. Tamén pode tratarse dunha copia doutra presentación.
	7		A carga de traballo está dividida equitativamente e é compartida por todos os membros do grupo.	A carga de traballo está dividida equitativamente, pero non é compartida por todos os membros do grupo.	Unha ou dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.	Máis de dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.

3. Rúbrica de traballos escritos:

OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1		O tema obxecto do traballo está ben definido e trátase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente, pero trátase de forma adecuada.	O tema está ben definido, pero déixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información sobre el é escasa.
	2		O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3		O uso de imaxes e infografías é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografías é correcto.	O uso de imaxes e infografías é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografías non achega nada ao traballo.
	4		O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5		A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoidouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6		A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto do traballo ou os autores e carece de índice.
	7		O contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. E fácil de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fóra de lugar ou empregáronse mal as transicións entre elas, e non se mantén a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato; custa lelo.
	8		O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusións, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou si as inclúe, pero parecen copiadas doutra fonte.

A todos os efectos considérase o 5 como aprobado. A profesora pode decidir facer media con 4 se o considera axeitado. No caso dos decimais ao obter a media, o redondeo da nota farase, por defecto, a partires das 7 décimas
Os alumnos/as que non acaden un 5 nalgunha avaliación terán que facer unha recuperación. Na marcha normal de cada avaliación procurarase facer constantes alusións á materia estudada con anterioridade co fin de que o alumnado que non alcance os niveis mínimos, poida recuperar.En canto ás probas, faranse recuperacións da materia non asimilada. Se o problema está na súa actitude, deberá rectificar a mesma.

E) Criterios de recuperación

Os alumnos/as que non acaden un 5 nalgunha avaliación terán que facer unha recuperación. Na marcha normal de cada avaliación procurarase facer constantes alusións á materia estudada con anterioridade co fin de que o alumnado que non alcance os niveis mínimos, poida recuperar. En canto ás probas, faranse recuperacións da materia non asimilada. Se, o problema está na súa actitude, deberá rectificar a mesma.

F) Metodoloxía. Materiais e Recursos didácticos

Utilizarase fundamentalmente, unha metodoloxía activa na que o alumno/a sexa suxeito da súa propia aprendizaxe.
Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para a partir dunha diagnose inicial bosquexar as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades.
Tratarase de posibilitar que o alumno/a realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender.
Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e a análises de contidos. Cobrará gran importancia a capacidade de levar a teoría á práctica, con obxecto de buscar a funcionalidade das aprendizaxes.
Este curso, tanto en 1º como en 2º imos traballar sobre todo a partir do ámbito emocional. Para iso utilizaremos propostas da asociación educativa Gazte Forum, que parte do feito de que a clave é que os alumnos reflexionen e falen deles mesmos, do seu grupo, das súas preocupacións, as súas dificultades, os seus puntos fortes... non se trata de abordar un tema que lles é alleo.
Preténdese que se paren a identificar a súa realidade persoal e grupal e que lles axude a atopar pistas éticas que orienten esa vida grupal tan esencial para toda persoa e máis nesta etapa vital. Para facilitar este proceso preséntanse 24 dinámicas para traballar con grupos de adolescentes. Compoñen un amplo abanico de posibilidades de traballo, que van desde dinámicas para o inicio, máis sinxelas e de menor intensidade e profundidade, ata dinámicas que esixen experiencias de intensidade de máis dun día de duración, e dunha profundidade e intimidade considerable.

Na ESO en xeral utilizaranse estratexias expositivas e de indagación, pero dada a materia as segundas cobrarán unha gran importancia.

- Estratexias expositivas: para a presentación dos temas, feitos e conceptos de modo que axuden ao alumnado a situarse claramente e a ter unha visión panorámica ou introdutoria a calquera tema do curso. Estas estratexias estarán acompañadas de exercicios ou actividades complementarias que axuden a asimilar o explicado.

- Estratexias de indagación: nas que se en fronte ao alumno ou alumna con problemas nos que teña que utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, garantindo así a súa adquisición. Trataríase de debates, investigacións simples, busca e selección de información de fontes diversas...

- A organización do traballo no aula estará presidida pola diversidade de actividades: tempos de explicación, tempos de traballo individual, tempos de traballo en pequenos grupos e tempos de posta en común en gran grupo.

Así mesmo, desenvolveranse actividades de comprensión, análise e síntese, autoavaliación, reforzo, ampliación e investigación. Con elas pretendese consolidar a aprendizaxe, promover a reflexión e facilitar a adaptación á diversidade do alumnado. Con respecto ás actividades de comprensión fomentarase o uso de aqueles procedementos que propicien a estruturación da información, a realización de redaccións, o comentario de imaxes e viñetas, así como de películas ou curtametraxes, e iniciarase na composición filosófica, na que expoñan as súas ideas mostrando as razóns en que se apoian.

Levaranse a cabo actividades de ampliación ou investigación (especialmente en 4º ESO) na que de maneira prioritaria, sinalaranse a conexión entre os distintos temas abordados e o contexto nel que se moven.

Fomentaranse os debates para promover o interese do alumnado, a expresión das súas opinións, a capacidade de argumentar, a pluralidade de ideas e a tolerancia e respecto ás ideas que poden enriquecer os seus puntos de vista.

Entre as múltiples **técnicas didácticas** existentes consideramos as máis adecuadas as seguintes:

-A exposición didáctica: imprescindible para que os alumnos/as, adquiran a comprensión inicial dos obxectivos e conceptos básicos para a aprendizaxe do novo tema. Esta exposición intentarase que sexa o máis dinámica, variada, suxerinte e motivadora.

-O traballo en pequenos grupos: técnica básica para calquera ensinanza que pretenda ser cooperativa e activa. Esta técnica elimina a competitividade e fomenta a participación e

cooperación social do alumno/a, así como as actitudes de respecto e tolerancia cara aos demais. Ademais, serve para facer fronte ás dificultades que atravesan algúns alumnos e alumnas á hora de intervir activamente no desenvolvemento das clases.

-**A discusión dirixida**: mediante a cal os alumnos/as poderán examinar, con toda liberdade de crítica un asunto o tema, expoñendo as seus ideas, puntos de vista, etc.,

sempre dirixidos polo profesorado.

- Lectura de libros, ou dunha selección de textos así como visionado de películas, curtametraxes ou calquera outro tipo de material visual, seguido de comentarios orais ou escritos que permitan explicitar reflexións en torno ao tema tratado.

-**Participación nalgún blog** ou ben creado a tal efecto, ou ben no do departamento de filosofía.: www.filolandra.blogspot.com.

G) Seguimento do alumnado repetidor ou con materias pendentes na ESO.

1-Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor.

Os alumnos e alumnas repetidores que suspenderan esta materia o curso anterior, recibirán unha atención individualizada de modo que, segundo as circunstancias de cada alumno, se lles realicen adaptacións curriculares consistentes na realización de actividades de reforzo complementarias, naquelas UUDD nas que mostrou dificultades. Se é preciso, se lle esixirá so os contidos mínimos.
Traballarase na clase de modo organizado buscando aquelas actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo na ansia conseguir os propósitos e valorar o seu esforzo educativo.

2- Plan de traballo para superación de materias pendentes.

Adoptáranse as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a recuperación pero por defecto a profesora asiduamente fai prácticas na aula de exercicios que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

3- Procedemento para a cualificación das materias pendentes e actividades de reforzo.

En canto á avaliación do alumnado coa materia pendente, os obxectivos, criterios de avaliación e contidos mínimos a superar son os xa mencionados.Eses contidos son coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no xeral do centro.

2.1 CONCRECIÓNS por Cursos de VALORES ÉTICOS:

Valores Éticos en 1º ESO.

A) Contidos.

O currículo da materia de Valores Éticos está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".
O alumnado de primeiro de ESO traballan o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política coa seguinte

distribución:

Bloque 1: A dignidade da persoa:
a) O concepto problemático de persoa e a súa orixe etimolóxica, características da persoa, a persoa como ser moral.
b) Adolescencia como crise de identidade e o desenvolvemento da autonomía persoal e control da conduta tendo en conta os valores éticos.
c) Personalidade: factores xenéticos, sociais e culturais; a razón e a liberdade na estruturación da personalidade.
d) Intelixencia emocional e o seu papel no desenrolo da persoa: emocións, sentimentos, e introspección.
e) Construción da identidade propia como un proxecto vital.

Bloque 2: A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais:
a) Natureza social do ser humano e os valores éticos como guía das relación interpersoais: proceso de socialización e axentes sociais e necesidade da critica emocional para alcanzar valores éticos universais.
b) Diferenza entre a vida privada e a pública.
c) Habilidades emocionais de Goleman.
d) Asertividade como ferramenta ética e social.

Bloque 3: A reflexión ética:
a) Diferenza entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.
b) Conduta humana e conduta animal.
c) Liberdade, persoa, intelixencia e vontade.
d) Valores: qué son, clases de valores, a súa importancia na vida humana.

Bloque 5: Os valores éticos, o dereito, a declaración universal dos dereitos humanos e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.
a) Preámbulo da D.U.D.H: A dignidade da persoa.
b) Dereitos da muller.
c) Dereitos da infancia.
d) Organización que traballan polos dereitos humanos.

B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES

Bloque 1- A dignidade da persoa

Explica e valora a dignidade da persoa.

Comprende os problemas durante a adoslescencia e argumenta correctamente sobre a importancia da autonomía persoal.

Identifica expoñendo claramente os factores que inflúen na personalidade e valorando a importancia dos valores éticos para a construcción persoal.

Identifica en que consiste a intelixencia emocional e reflexiona sobre as súas emocións e estados de ánimo.

Bloque 2: A comprensión, o respeto e a igualdade nas relacións interpersoais

Describe os aspectos sociais que inflén na personalidade.

Comprende a importancia dunha conducta asertiva nas súas relación interpersoais.

Exercita e amosa unha conducta respetuoas cara os demais.

Bloque 3- A Reflexión Ética

Comprende e explica claramente que é a Etica e que son os valores morais.

Recoñece e describe a relación entre liberdade, intelixencia e vontade

Bloque 5- Os valores éticos, o dereito, a declaración dos Dereitos Humanos e outros tratados internacionais

Sabe a importancia dos DUDH

Entende e explica as causas da desigualdade entre homes e mulleres

Amosa unha actitude comprensiva, de respeto na aula ao tratar temas como a desigualdade

Coñece os abusos á infancia no s.XXI e reflexiona sobre os mesmos

Indaga sobre o traballo das ONGs

C) Temporalización

Ao ser unha materia dunha hora á semana, a temporalización debe ser flexible en base as característica e evolución do grupo no que se está a traballar primando a comprensión sobre a cantidade. A distribución sería a seguinte:

1ª Avaliación: Bloques 1 e 2

2ª avaliación: Bloque 3

3ª avaliación: Bloque 5.

D) Materiais e recursos didácticos

A situación provocada polo COVID supuxo redefinir os espazos cos que contaba o centro e limitar o uso dos mesmos como é a biblioteca ou a aula multiusos.
Utilizaremos o material que haxa disponible tanto en formato dixital como en papel, segundo a profesora irá indicando. Os materiais en papel serán facilitados pola profesora. Utilizaranse principalmente:

- Documentos videográficos.
- Fotografías.
- Bibliografía seleccionada.
- Prensa.
- Selección de lecturas.

E) Actividades complementarias e extraescolares

No presente curso, na CCP e no consello escolar tomouse a decisión de suspender as actividades extraescolares que supoñan sair do centro.
Asimesmo, o alumnado poderá participar nas actividades que se organicen no instituto en relación con Días Internacionais ou similares (Día dos Dereitos Humanos, Día da paz e non

violencia, Día da muller traballadora, etc). A situación derivada da COVID limitará o formato da participación.
Asimesmo, dadas as circuntancias, non se prevé a realización de ninguna actividade extraescolar.

Valores éticos en 2º ESO.

A) Contidos

O currículo da materia de Valores Éticos está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".
O alumnado de primeiro de ESO traballou o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.
En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central.
A distribución sería a seguinte:

Bloque 1: A Dignidade da Persoa.

-Persoa e sociedade: Son persoa. A autoestima e a asertividade. A sociabilidade e a socialización. Liberdade e responsabilidade.

Vivo en sociedade. Aprender a convivir. Compañeiros e compañeiras no Centro escolar. Voluntariado e asociacionismo.

Bloque 2. Deberes e dereitos cidadáns.

-Teño dereitos e deberes. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Vulneración e protección do Dereitos Humanos.

- Os dereitos das mulleres.

-Os deberes de cara ao medio ambiente.

Bloque 3. A xustiza e a política

-Son demócrata. A división de poderes. O Estado de dereito.

-Nunha sociedade plural. A diversidade social e cultural. A sociedade de consumo. Convivencia nas cidades.

-Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.

Bloque 4: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

-Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.

- Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico- tecnolóxica

B) Grao mínimo de consecución dos estándares

Bloque 1: A Dignidade da Persoa.

.-.Ddefine e explica tanto por escrito como oralmente o que é ser persoa.

-Entende a importancia da autoestima na construcción da personalidade e exercita a asertividade.

-Investiga e analiza os factores sociais que inflúen na persona

- Por medio de textos e actividades coñece o sentido da liberdade e a responsabilidade que implica.

- Reflexiona sobre a diversidade e exercita a tolerancia cos seus compañeiros e as técnicas de mediación na resolución de conflictos

- Investiga e coñece as accións de Voluntariado e o movemento asociativo do entorno.

Bloque 2. Deberes e dereitos cidadáns.

Investiga sobre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, coñece con exemplos a Vulneración e protección do Dereitos Humanos.

Defende os dereitos das mulleres asi como recoñece os deberes de cara ao medio ambiente.

Bloque 3. A xustiza e a política

Entende e explica claramente a división de poderes

Investiga e explica e valora a riqueza da diversidade social e cultural.

Analiza e reflexiona sobre a sociedade de consumo e os seus problemas.

Investiga e identifica en textos o pensamento aristotélico sobre a ética e política.

Bloque 4: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

Reflexiona e expón a súa opinión a partir de películas, videos ou textos sobre a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía e o seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.

C) Temporalización

Ao ser unha materia dunha hora á semana, a temporalización debe ser flexible en base as característica e evolución do grupo no que se está a traballar primando a comprensión sobre a cantidade. A distribución sería a seguinte:

1ª Avaliación: Bloque 1 e 2

2ª avaliación: Bloque 3 e 4

3ª avaliación: Bloque 5 e 6

Materiais e recursos didácticos

A situación provocada polo COVID supuxo redefinir os espazos cos que contaba o centro e limitar o uso dos mesmos como é a biblioteca ou a aula multiusos. Utilizaremos o material que haxa disponible tanto en formato dixital como en papel, segundo a profesora irá indicando. Os materiais en papel serán facilitados pola profesora. Utilizaranse principalmente:

- Documentos videográficos.
- Fotografías.
- Bibliografía seleccionada.
- Prensa.
- Selección de lecturas**.**

D) Actividades complementarias e extraescolares :

- As actividades extraescolares que supoñan sair do centro están suspendidas no presente curso tal e como se decidiu na CCP e no Consello Escolar.
- Ademais, intentaremos que se realice algunha actividade ou charla con algunha ONG e así mesmo, que se participe nas actividades que se organicen no instituto en relación con Días Internacionais ou similares (Día dos Dereitos Humanos, Día da paz e non violencia, Día da muller traballadora, etc).

Valores éticos en 3º ESO.

O currículo da materia de Valores Éticos está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".
En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen.

A) Contidos.

Unidade 1: A xustiza e a política:

- A democracia, o estado de dereito e a división de poderes.

-Participación cidadá na democracia para evitar violacións dos dereitos: diferentes vías de participación: Cooperación galega.

-Constitución española e valores éticos.

Unidade 2: Os valores éticos, o dereito, a declaración universal dos dereitos humanos e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.

- Relación entre ética e dereito: legalidade e lexitimidade, xustificación das normas xurídicas (convencionalismo, iusnaturalismo, e positivismo xurídico).
-A D.U.D.H.: circunstancias históricas da súa creación e obxectivos; a súa estrutura, xeracións de dereitos e problemas actuais da D.U.D.H. Cooperación nun mundo global.

Unidade 3: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

- Progreso científico-técnico e valores éticos.

C) Grao minimo de consecución dos estándares

Unidade 1: A xustiza e a política:

- Entende e explica con corrección as características que definen unha democracia e os fundamentos teóricos da mesma como a nocion de estado de dereito e a división de poderes.
- Investiga, exemplica con situación da actualidade as formas de Participación cidadá na democracia para evitar violacións dos dereitos
- Investiga, coñece a Cooperación galega.
- Analiza, recoñece en textos os principios éticos que se recollen na constitución española
- Entende a relación entre os valores éticos e as leis
- Coñece, investiga a declaración universal dos dereitos humanos e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.
- Diferencia a través de textos os conceptos de legalidade e lexitimidade e as posicións do convencionalismo, iusnaturalismo, e positivismo xurídico.
- Investiga, coñece e expón sobre os D.U.D.H.: circunstancias históricas da súa creación e obxectivos; a súa estrutura, xeracións de dereitos e problemas actuais da D.U.D.H.

-Coñece o traballo de ONGS sobre Cooperación Internacional

Unidade 3: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

- Diserta con corrección sobre o Progreso científico-técnico e a súa relación cos valores éticos.

D) Temporalización

Ao ser unha materia dunha hora á semana, a temporalización debe ser flexible en base as característica e evolución do grupo no que se está a traballar primando a comprensión sobre a cantidade. A distribución sería a seguinte:

1ª avaliación: Unidade 1

2ª avaliación: Unidade 2

3ª avaliación: Unidade 3

E) Materiais e recursos didácticos

A situación provocada polo COVID supuxo redefinir os espazos cos que contaba o centro e limitar o uso dos mesmos como é a biblioteca ou a aula multiusos.

Utilizaremos o material que haxa disponible tanto en formato dixital como en papel, segundo a profesora irá indicando. Os materiais en papel serán facilitados pola profesora. Utilizaranse principalmente:

- Documentos videográficos.
- Fotografías.
- Bibliografía seleccionada.
- Prensa.
- Selección de lecturas.

E) Actividades complementarias e extraescolares

Intetarase que se participe nas actividades que se organicen no instituto en relación con Días Internacionais ou similares (Día dos Dereitos Humanos, Día da paz e non violencia, Día da muller traballadora, etc) así como a participación na Olimpiada Filosófica.

Valores éticos. 4º ESO.

A) Contidos

Bloque 1: A dignidade da persoa.

a) A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.
b) Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.
c) Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

a) Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar
b) Fenómeno da socialización global.

Bloque 3: A reflexión ética.

a) Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.

b) Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.
c) Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.
d) Éticas formais e éticas materiais.
e) Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.
f) Éticas discursivas.

Bloque 4: A xustiza e a política

a) Democracia e xustiza. Participación cidadá.
b) Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos
c) Perigos dunha globalización sen valores éticos.

Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)

a) Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.
b) Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.
c) Os DDHH como ideais irrenunciables.
d) Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.

Bloque 6: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

a) Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.
b) Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.

Bloque 7: A igualdade entre homes e mulleres

a) Causas e factores da discriminación das mulleres. Igualdade de dereitos e de feito.
b) Alternativas á discriminación. Prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.A igualdade. Análise sobre a loita polo recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades, do papel de suxeitos históricos e de cidadanía e o rexeitamento de todas as formas de discriminación
c) Coñecemento da loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e o seu recoñecemento como suxeitos históricos, de dereitos e de cidadanía.
d) Rexeitamento da violencia de xénero. Recompilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.

B) Grao Mínimo de consecución dos estándares

Bloque 1: A dignidade da persoa.

-Recoñece e argumenta correctamente sobre a dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.

- Utiliza correctamente e exemplifica os conceptos de dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.

- Plantexa correctamente nun debate os Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar

- Analiza e investiga sobre o fenómeno da socialización global.

Bloque 3: A reflexión ética.

Investiga e expón en clase exemplos de os novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía.

- Diferencia e recoñece en textos as características das Éticas formais e as éticas materiais.

- Explica as características da Ética kantiana e aplica a casos concretos de dilemas morais

- Coñece as características das Éticas discursivas e as exemplifica.

Bloque 4: A xustiza e a política

Diserta sobre a importancia da participación cidadá.

Investiga, reflexiona e argumenta a sua opinión sobre a necesiade de valores éticos como base dunha sociedade democrática que baseada na defensa e difusión dos dereitos humanos así como tamén recoñece con exemplos actuais os perigos dunha globalización sen valores éticos.

Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)

Investiga e recoñece con exemplos actuais os conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.

Investiga e expón en clase as organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.

Bloque 6: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

Recoñece os fundamentos ética de proxectos científicos e tecnolóxicos

Bloque 7: A igualdade entre homes e mulleres

Investiga, reflexiona e argumenta sobre as causas e factores da discriminación

das mulleres.

Coñece as actuacións sobre a prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.

Defende a a igualdade e realiza unha análise sobre a loita polo recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades, do papel que debemos desenvolver como cidadáns e o rexeita todas as formas de discriminación

Investiga e sobre a loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e o seu recoñecemento como suxeitos históricos, de dereitos e de cidadanía.

Rexeita a violencia de xénero e recompilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.

D) -Temporalización

Ao ser unha materia dunha hora á semana, a temporalización debe ser flexible en base as característica e evolución do grupo no que se está a traballar primando a comprensión sobre a cantidade. A distribución sería a seguinte

1ª Avaliación:
Unidades 1, 2 e 3

2ª avaliación:

Unidades 4 , 5 e 6.

3ª avaliación:

Unidade 7e 8

E)- Materiais e recursos didácticos.

A situación provocada polo COVID supuxo redefinir os espazos cos que contaba o centro e limitar o uso dos mesmos como é a biblioteca ou a aula multiusos.

Utilizaremos o material que haxa disponible tanto en formato dixital como en papel, segundo a profesora irá indicando. Os materiais en papel serán facilitados pola profesora. Utilizaranse principalmente:

- Documentos videográficos.
- Fotografías.
- Bibliografía seleccionada.
- Prensa.
- Selección de lecturas.

.

F) Actividades complementarias e extraesclares

Intentaremos a Participación na Olimpíada filosófica, nas modalidades de fotografía e dilema moral. Ademais de nas actividades que se organicen no instituto en relación con Días Internacionais ou similares (Día dos Dereitos Humanos, Día da paz e non violencia, Día da muller traballadora, etc).

3- FILOSOFÍA. 4º ESO

A) Obxectivos:

A materia de Filosofía ten como meta que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente a filosofía, isto é, reflexionar, razoar, criticar e argumentar, utilizando o modo de preguntar radical e último que lle é propio, sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo coma da sociedade.

A filosofía é un modo especial de preguntar e de saber, un xeito de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en boa medida, nos fan ser e comprender como somos. Por iso, a materia de Filosofía persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándoo para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas coma prácticas.

No plano teórico, o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que intentan dar resposta ás grandes cuestións. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lles ensina aos alumnos e alumnas a non admitir ideas que non foron rigorosamente analizadas e evidenciadas, o saber pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, a habilidade discursiva para dialogar e convencer evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da filosofía como instrumento de innovación e transformación desde hai máis de 2500 anos; todo iso resúmese na súa vocación orixinaria, o amor ao saber, e iso filosofando, idea clave que se lle debe transmitir ao alumnado desde esta materia e que constitúe o punto de partida.

No ámbito práctico, o estudo da ética e da filosofía política desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática. Dende os estudos de estética alcánzanse competencias culturais, como o respecto á liberdade de expresión e á diversidade cultural.

Finalmente, a materia debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia que está na base do amor ao saber, por saber, finalidade que se encarna na Filosofía como en ningunha outra materia e que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas

B) Contidos mínimos

Unidade 1: **O saber filosófico.**

1. Filosofía: sentido, necesidade e historia.

Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos. Funcións e vixencia da filosofía.

2. Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico. Racionalidade teórica e práctica

3. O saber filosófico a través da súa historia. Características da filosofía

4. Uso dos procedementos de traballo intelectual adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.

5. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada.

Unidade 2: **Identidade persoal.**

1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.

2. Personalidade.

3. Teorías sobre a personalidade

4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.

5. O inconsciente na psicanálise.

6. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.

7. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.

8. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.

9. Condición afectiva humana. Impulsos, emocións e sentimentos. Papel do corpo na afectividade.

Unidade 3: **Pensamento e coñecemento**

1. Teoría do coñecemento. Graos e ferramentas do coñecer. Abstracción.

Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.

2. Problema filosófico do coñecemento.

A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación.

Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade

3. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas

Unidade 4: **A realidade dende a perspectiva filosófica (Metafísica)**

1. A metafísica como explicación teórica da realidade.
2. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade.
3. Pregunta pola orixe e a estrutura do real

Unidade 5: **A racionalidade práctica: transformación e acción moral**

1. Racionalidade teórica e práctica.

A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral.

2. Principais teorías sobre a moral humana: Sócrates e os sofistas, a procura da felicidade, a boa vontade, a xustiza como virtude éticopolítica, relativismo e universalismo moral.

Unidade 6: **Socialización e política.**

1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.
2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.
3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.
4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.
5. Elementos do proceso de socialización:socialización primaria e secundaria.
6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.
8. Comunicación. Comunicación non verbal.
9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.
10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.
11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo

C) Grao mínimo de consecución dos estándares

En todas as unidades:

-Comprende e usa con rigor os conceptos filosóficos que se plantexan en cada tema.

- Analiza fragmentos de textos significativos e identifica as tese e problemáticas nos mesmos.

- Argumenta correctamente de forma oral ou escrita as súas opiníons.

- Investiga e expón un tema

Unidade 1

-Recoñece os problemas específicamente Filosóficos

- Sabe e explica a orixe da filosofía

- Identifica o obxecto de estudio das diferentes ramas da Filosofía

- Recoñece aos autores mais destacados e características fundamentais das etapas da historia da Filosofía.

Unidade 2

- Coñece e explica as teses principais das diferentes Teorías da personalidade. Reflexiona sobre as mesmas facendo un uso correcto dos conceptos
- Distingue e define o insconsciente
- Investiga, coñece e diferencia as teses fundamentais das teorías Humanística e Cognitiva sobre a Motivación, reflexionando sobre as mesmas tanto en debates como en probas escritas.
- Explica e diferencia as Teorías da verdade

Unidade 3

-Investiga, coñece e explica as problemáticas asociadas ao coñecemento.

-Distingue as diferentes Teorías sobre a verdade

Unidade 4

- Recoñece os problemas Metafísicos
- Describe as diferentes posturas filosóficas sobre a Metafísica e argumenta a súa opinión sobre as mesmas facendo un uso correcto dos conceptos
- Utiliza correctamente conceptos metafísicos

Unidade 5

-Entende e explica correctamente a función da Racionalidade Humana

- Distingue as entre as Éticas da Felicidade e da Xustiza

- Investiga, coñece e distingue os diferentes modelos de Felicidade das Teorías Éticas na historia e argumenta tanto en debates como en probas escritas a súa opinión sobre as mesmas cun uso correcto dos conceptos

- Investiga e diferencia as Teorías Éticas da Xustiza e argumenta tanto en debates como en probas escritas a súa opinión sobre as mesmas cun uso correcto dos conceptos

D) **Temporalización**

Consideramos que a temporalización debe adaptarse ás características do alumnado primando a comprensión dos contidos sobre a súa cantidade, polo que, mantendo unha razoada flexibilidade, ao ser unha materia de 3 sesións semanais, plantexamos a seguinte distribución :

1ª Avaliación: Unidades 1 e 2.

2ª avaliación: Unidades 3 e 4.

3ª avaliación: Unidades 5 e 6.

E) Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.

Os criterios de avaliación serán os que propón o Decreto que establece o currículo de Bacharelato xa que se atopan en consonancia cos obxectivos e cos contidos propostos previamente. Poden resumirse nos seguintes puntos:

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático. Así, como lelos e analizalos tanto oralmente como por escrito. Este criterio pretende avaliar a capacidade para incorporar información, de forma autónoma. O grao de competencia lectora e outras destrezas intelectuais como a capacidade de análise e síntese.
2. Identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos, utilizando o vocabulario específico. Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas e teorías analizadas e o grao de incorporación significativa do vocabulario novo.
3. Debater e argumentar de xeito que se incorporen os conceptos e teorías á análise da vida real. Con este criterio poderase avaliar o grao de destreza e coherencia argumentativa mantendo o respecto ás diferentes opinións, así como o grao de funcionalidade dos conceptos adquiridos.

Procedementos para avaliar

A avaliación do alumnado forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo mesmo, é unha tarefa a realizar continuamente. Para levala a cabo, haberá que seguir, da forma máis sistemática posible, a evolución do alumnado ao longo das clases e o seu grao de obtención dos obxectivos propostos. Nese labor sistemático de observación dos alumnos haberá que ter en conta, sobre todo, os seguintes aspectos:

a) A asistencia a clase, a atención e a participación na mesma.

b) A calidade na realización das tarefas encomendadas: mapas conceptuais, redaccións, comentarios de texto, participacións en debates, en simulacións... de acordo cos criterios sinalados no apartado anterior. A participación na Olimpíada Filosófica de Galicia nas modalidades nas que se participe utilizaranse como parte da avaliación.

c) No caso de que as tarefas sexan realizadas en grupo valorarase, ademais da calidade das mesmas, a actitude de colaboración e de diálogo que manteña no traballo do mesmo.

d) Por outra banda, en relación cos bloques de contidos, os/as alumnos/as terán que realizar polo menos unha proba escrita ou traballo por avaliación na que terán que demostrar que comprenden os problemas que se suscitaron no aula e que adoptan ante eses problemas unha postura critica e fundamentada.

e) Orientacións para as puntuacións das exposicións orais dos traballos.

	PUNTUACIÓN 100%	**PUNTUACIÓN 50%**	**PUNTUACIÓN 25%**
CREATIVIDADE (25%)	Usa elementos audiovisuais (power point, youtube, etc)	Usa algún soporte visual (lousa, fotocopias…)	Sen soporte visual
CLARIDADE (25%)	-Claridade na exposición: da a impresión de orde e organización. -É atractivo e interesante.	-Tenta estar organizado pero é un pouco confuso. -A exposición é atractiva ou interesante.	-Carece de orde e organización. -Ritmo inadecuado, pouco interesante.
HABILIDADES ORAIS (25%)	-Non le (ou apenas), a exposición está preparada. -Atrae a atención. -Ten capacidade de crear debate	-Le de cando en vez -Atrae a atención por momentos.	-Le todo. -A exposición non é atractiva.
CONTROL DO TEMPO (25%)	-Axústase ao tempo -É capaz de distribuír ben o tempo de exposición.	Párase en exceso ou demasiado pouco nalgunha parte da Exposición	Non se axusta ao tempo, por exceso ou por defecto.

Criterios de cualificación.

En cada avaliación realizarase cando menos un exame/traballo. Ademais do exame/traballo, poderanse mandar facer traballos monográficos sobre temas, libros ou películas propostos, que logo poden ter que ser expostos de forma oral. A nota da avaliación é a media ponderada dese exame e dos traballos monográficos ou actividades propostas polo profesor ou profesora. O profesor/a indicará ao comezo da avaliación as porcentaxes pertinentes de cada proba, examen ou traballo.

As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10 e terán en conta os seguintes criterios para a súa valoración. Distinguimos catro niveis que se corresponden coas notas de suspenso, aprobado, notable e sobresaínte. As notas numéricas de cada nivel saen de matizar con maior profundidade estes criterios.

Criterios	**Suspenso (1-2-3-4)**	**Aprobado (5-6)**	**Notable (7-8)**	**Sobresaínte (9-10)**
Cantidade e calidade da información.	O tema ou non está tratado ou o fai insuficientemente. A información ten incorreccións e non é clara ou non está del todo centrada no tema pedido.	O tema está tratado e da resposta aínda que sen afondar. A información non sempre foi presentada de forma clara e concisa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. A maior parte da información é clara, precisa e minuciosa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. Toda a información é clara, precisa e minuciosa.
Redacción, organización.	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información non é relevante e non está organizada de forma coherente en gran parte do escrito.	Poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é suficientemente relevante e está organizada unha forma correcta.	Case non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e está ben organizada.	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e a organización é moi boa, facilitando a comprensión do tema.
Presentación	Mala presentación.	Presentación aceptable.	Boa presentación.	Moi boa presentación.
Comprensión do tema.	Non parece comprender o tema. Ás veces reproduce parágrafos do libro pero sen comprensión e sen relación.	Demostra un entendemento de partes do tema. Hai estudo, pero falta o análise o as relación.	Demostra un bo entendemento do tema. Non hai unha mera reprodución dun tema. Fai relacións.	Demostra un completo e profundo dominio do tema. Non reproduce senón que analiza e fai relacións.
Vocabulario.	Usa palabras ou frases que non se entenden.	Usa vocabulario específico relativamente Apropiado	Usa vocabulario específico apropiado.	Usa vocabulario específico apropiado e amplo.

O aprobado é un 5. Se a profesora o considera axeitado pódese facer media con 4. No caso de decimais á hora de facer a media, o redondeo farase por defecto a partires das 7 décimas.

F) Criterios de recuperación.

Ao finalizar a avaliación ou do curso o alumnado que non supere os criterios de avaliación cun 5 terá dúas opcións, a criterio da profesora:

a) repetir os traballos, exercicios e probas que resultaran suspensas, tras orientar en que consistiron os fallos e como emendalos.
b) facer un exame da materia.

G) Metodoloxía.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.

Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.

Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.

Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.

Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais como nas escritas.

Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

Aceptamos o presuposto básico do construtivismo de que para construír coñecemento novo, o aprendiz emprega (nun grao importante) os coñecementos que xa posúe. O obxectivo é que o alumnado aprenda a pensar por si mesmo racionalmente, desenvolvendo os procesos do pensamento: conceptualizar nocións, problematizar as cuestións e argumentar racionalmente as teses.

Enquisa inicial. Tendo en conta a importancia que a psicoloxía cognitiva dá aos conceptos previos antes de desenvolver no aula calquera concepto, é preciso realizar

unha enquisa que permita detectar as preconcepcións dos alumnos sobre o mesmo e, deste xeito, deseñar o seu desenvolvemento de forma graduada e realista. A posta en común dos resultados da enquisa pode servir, ademais, para tratar de crear inquietudes nos alumnos sobre o concepto ou conceptos que se van a tratar.

Diversidade de fontes. Por outra banda, como se pretende conseguir que os/as alumnos/as pensen autonomamente e adopten actitudes críticas tanto ante as fontes de información, como ante os contidos das mesmas, é necesario poñer ao seu alcance diversos tipos de fontes e, sobre todo, tratar de situarlles ante as distintas fundamentacións nas que cada unha delas apoia as súas posicións. Desta forma estaremos colocando ao alumnado na situación de ser eles os que, de forma razoada, teñan que decidirse por algunha das opcións posibles, mantendo, ademais unha postura crítica respecto das demais.

Ensinar a aprender. Ademais, e co fin de conseguir non só que os/as alumnos/as realicen unha aprendizaxe significativa, senón tamén que adquiran uns procedementos que lles permitan aprender fóra das aulas, é dicir, que aprendan a aprender, aínda que non se pode prescindir das explicacións do profesor no aula, haberá que procurar que sexan abertas -é dicir, que os alumnos participen nelas da forma máis activa posible- e, sobre todo, haberá que utilizar textos nos que se expresen opinións diferentes, e razoadas - textos que os/as alumnos/as terán que comentar-. Faranse tamén pequenas investigacións, organizando posteriormente en clase debates en relación coas mesmas.

A metodoloxía a seguir nesta materia é de concepción construtivista. Por elo, ten as seguintes directrices:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a, tendo sempre en conta os seus coñecementos, ideas e experiencias previas.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, que garden relación, tanto desde o punto de vista lóxico, psicolóxico e funcional cos seus coñecementos previos.
3. Contribuír ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender, promovendo a autonomía dos alumnos/as. Para iso priorizaranse os contidos procedimentais a través deactividades como: interpretación de textos, comentario de textos, elaboración de cuestionarios, clasificación e manexo de datos e informacións, a utilización de diversas fontes e materiais sobre un tema, realización de informes ou investigacións.

Promover unha actividade intensa no alumno ou alumna, fomentando a súa participación en clase, realizando tarefas en pequenos grupos, argumentando e razoando adecuadamente nos debates propostos e tomando unha actitude crítica e de respecto cara aos demais. Ao final de cada tema, favoreceranse as actividades de sínteses, de investigación, aplicación nas cales adquirirá importancia a procura de información, a elaboración de composicións e redaccións filosóficas e ata a realización de debates e test.

Favorecerase a participación activa, permitindo a elección persoal dalgúns temas de traballo e ofrecer actividades alternativas ou actividades optativas de investigación coas que contribuír ao desenvolvemento do pensamento diverxente.

H) Materiais e recursos didácticos

Non hai un manual recomendado polo que o profesor proporcionará o material elaborado por el mesmo para cada unidade.

En caso de que teñan que realizar traballos monográficos, en cada avaliación ofreceríaselles aos rapaces unha proposta concreta ou ben un listado de libros, películas ou temas de investigación para que de entre eles elixan un e realicen o mencionado traballo. Procurarse que todo o material dos listados estea dispoñible na biblioteca do IES.

K)Actividades extraescolares

Intentarase a participación na Olimpiada filosófica e en actividades do centro de datas conmemorativas como o dia da filosofía, o 8 de marzo, día da Paz, entre outros.
As actividades extraescolares que supoñan sair do centro, tomouse a decisión na CCP e no Consello Escolar de suspendelas este curso 2021-22.

4- FILOSOFÍA. 1º Bacharelato

A) Obxectivos

A materia de Filosofía ten como meta que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente a filosofía, isto é, reflexionar, razoar, criticar e argumentar, utilizando o modo de preguntar radical e último que lle é propio, sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo coma da sociedade.

A filosofía é un modo especial de preguntar e de saber, un xeito de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en boa medida, nos fan ser e comprender como somos. Por iso, a materia de Filosofía persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándoo para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas coma prácticas.

No plano teórico, o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que intentan dar resposta ás grandes cuestións. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lles ensina aos alumnos e alumnas a non admitir ideas que non foron rigorosamente analizadas e evidenciadas, o saber pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, a habilidade discursiva para dialogar e convencer evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da filosofía como instrumento de innovación e transformación desde hai máis de 2500 anos; todo iso resúmese na súa vocación orixinaria, o amor ao saber, e iso filosofando, idea clave que se lle debe transmitir ao alumnado desde esta materia e que constitúe o punto de partida.

No ámbito práctico, o estudo da ética e da filosofía política desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática. Dende os estudos de estética alcánzanse competencias culturais, como o respecto á liberdade de expresión e á diversidade cultural.

Finalmente, a materia debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia que está na base do amor ao saber, por saber, finalidade que se encarna na Filosofía como en ningunha outra materia e que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas.

B) Contidos mínimos

Unidade 1: **Contidos transversais**

1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filo
2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica.
3. Uso dos procedementos de traballo intelectual adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.
4. Uso dos procedementos de traballo intelectual adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados

Unidade 2: **O saber filosófico.**

1. Filosofía: sentido, necesidade e historia.

Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos. Funcións e vixencia da filosofía.

2. Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico. Racionalidade teórica e práctica

3. O saber filosófico a través da súa historia. Características da filosofía

4. Uso dos procedementos de traballo intelectual adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.

5. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada.

Unidade 3: **O coñecemento**

1. Teoría do coñecemento. Graos e ferramentas do coñecer. Abstracción.
Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.

2. Problema filosófico do coñecemento.

A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación.
Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade

3. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas

Unidade 4. **Filosofía, ciencia e tecnoloxía.**

Filosofía da ciencia.

Obxectivos e instrumentos
da ciencia. Método
hipotético-dedutivo.
Investigación científica na modernidade e na época contemporánea.

5. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe.

6. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución
7. Relación entre filosofía e ciencia.

Unidade 5: **A realidade dende a perspectiva metafísica.**

1. A metafísica como explicación teórica da realidade.

2. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade. Pregunta pola orixe e a estrutura do real

Unidade 6: **As cosmovisións.**

3. Cosmovisións científicas sobre. A filosofía da natureza como admiración filosófica pola natureza.
Paradigma cualitativo organicista: universo aristotélico. Universo máquina: visión mecanicista na Modernidade. Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico.
Visión contemporánea do Universo.

4. Uso dos procedementos de traballo intelectual adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.

Unidade 7: **O ser humano dende a filosofía**

1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica.

2. Implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e bioloxía

3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.
3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.
5. Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.

6. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.

7. Reflexión filosófica sobre o corpo.

Teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo.

Unidade 8: **A racionalidade práctica: acción moral.**

1. Racionalidade teórica e práctica.

A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral.

2. Principais teorías sobre a moral humana: Sócrates e os sofistas, a procura da felicidade, a boa vontade, a xustiza como virtude éticopolítica, relativismo e universalismo moral.

Unidade 9: **A racionalidade práctica: a política**

-Fundamentos filosóficos do Estado.

-Principais interrogantes da filosofía política.

-A xustiza segundo Platón.

O convencionalismo
nos sofistas. Realismo
político: Maquiavelo.
Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e
Montesquieu. A paz perpetua de Kant.
Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx.
Disputa política entre Popper e a escola de Frankfurt.

.Función do pensamento utópico.

.Legalidade e lexitimidade.

Unidade 10: **Estética e técnica**

Capacidade simbólica. E. Cassirer
entre outros Creatividade. H. Poincaré
entre outros.
Estética filosófica: función e características.

A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade. A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano.
A realidade desde a arte, a literatura e a música.

.Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica.

Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade.. A arte como xustificación ou como crítica da realidade.
Filosofía, arte, literatura e música.

Unidade 11: **Lóxica e retórica**

Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación desde a filosofía.

Lóxica proposicional.

Retórica e composición do discurso.

Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos.

Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada.

Unidade 12: **Filosofía e empresa**

A filosofía e a empresa como proxecto racional.

Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.

Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.

Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.

C) Grao mínimo de consecución dos estándares

Unidade 1: Contidos transversais

1. Analiza e identifica problemáticas e ideas de fragmentos de Textos filosóficos significativos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.

2. Realiza composicións escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica.

3. Comprende e usa con rigor os conceptos relacionados cos temas filosóficos estudados.

4. Investiga utilizando diferentes fontes de información e elabora temas para exponer na clase

Unidade 2: O saber filosófico.

1- Comprende e explica o paso do mito ao logos. Diferencia as características dos mitos da explicación racional.

2- Valora e comprende as funcións e vixencia da filosofía na actualidade.

3- Diferencia entre a Racionalidade teórica e a práctica con exemplos e distingue as diferentes ramas da Filosofía

4-Coñece e explica as características xerais das etapas da historia da filosofía, recoñece as correntes de filosfía mais importantes da historia e sitúa aos seu autores mais destacados.

Unidade 3: O coñecemento

1. Explica con correción os Graos e ferramentas do coñecer e entende os problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.

2. Coñece e identifica as diferentes posicións filosóficas sobre o coñecemento.

3- Entende e identifica as diferentes concepcións filosóficas sobre a verdade

Unidade 4. Filosofía, ciencia e tecnoloxía.

1- Describe os pasos do método hipotético-dedutivo.

2- Distingue a clasificación das ciencias

3- Investiga, reflexiona e aporta a súa opinión sobre os problemas que plantexa a investigación científica na actualidade

4-Coñece a diferencia entre técnica e tecnoloxía.

5-Investiga, reflexiona e argumenta por escrito ou oralmente a súa opinión sobre as problemáticas actuais dos avances tecnolóxicos

6-Explica con claridade a relación entre filosofía e ciencia.

Unidade 5: A realidade dende a perspectiva metafísica.

1. Coñece e explica o que é a metafísica
2. Recoñece nos textos os problemas metafísicos e as súas principais interprestacións

Unidade 6: As cosmovisións.

1- Explica e compara as características das Cosmovisións científicas que existiron ao longo da historia , recoñece aos seus protagonistas e os fundamentos filosóficos que as sustentan

2- Investiga e describe sobre os problemas filosóficos que plantexa a Cosmovisión contemporánea

Unidade 7: O ser humano dende a filosofía

1. Identifica en textos os problemas filosóficos desde a perspectiva da antropoloxía

2. Coñece e explica a formación da teoría da evolución, os seus autores e as Implicacións filosóficas derivadas de dita da teoría.

3. Comprende e diserta sobre a dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.

5. Investiga, compara a visión occidental e as visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduismo do ser humano e diserta argumentando a súa opinión

6. Coñece e explica as diferentes teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo.

Unidade 8: A racionalidade práctica: acción moral.

1. Distingue a racionalidade teórica e práctica. A función da ética.

2- Reflexiona con textos sobre a conciencia e madureza moral.

3- Investiga, recoñece en textos e expón claramente as principais teorías éticas sobre a Felicidade e sobre a Xustiza

Unidade 9: A racionalidade práctica: a política

1- Explica con claridade os fundamentos filosóficos do Estado.

2- Analiza e identifica en textos as cuestión mais salientables da filosofía política ao longo da historia: A xustiza segundo Platón.O convencionalismo nos sofistas. Realismo político: Maquiavelo. O Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu. A paz perpetua de Kant. Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx. A Disputa política entre Popper e a escola de Frankfurt.

5. Investiga, comprende e explica as características do pensamento utópico.

6. Diferencia con exemplos os conceptos de legalidade e lexitimidade.

Unidade 10: Estética e técnica

1- Comprende o significado da da estética filosófica, a súa función e características.

2- Reflexiona e diserta sobre a comprensión da realidade desde a arte, a literatura e a música.

3- Comprende a relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica.

4- Usa con corrección os conceptos de sentimento, experiencia e xuízo estético.

5- Reflexiona e diserta acerca da Beleza.

6- Investiga e expón sobre a importancia da creación artística e a súa relación coa sociedade (papel crítico ou xustificativo da realidade)

7- Investiga, diserta sobre dunha obra artística plantexada ou escollida polo alumnado

Unidade 11: Lóxica e retórica

1. Entende e explica os problemas filosóficos da análise da comunicación

2. Realiza correctamente exercicios de Lóxica proposicional.

3. Realiza correctamente exercicios de disertación e composición dun discurso.

4- Participa e argumenta con corrección nun debate

Unidade 12: Filosofía e empresa

1- Entende o obxecto da análise filosófica da empresa

2- Recoñece e explica a importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.

3- Reflexióna sobre o papel da Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.

D) Temporalización dos contidos de Filosofía.

Consideramos que a temporalización debe adaptarse ás características do alumnado primando a comprensión dos contidos sobre a súa cantidade, polo que, mantendo unha razoada flexibilidade, ao ser unha materia de 3 sesións semanais, plantexamos a seguinte distribución :

1ª Avaliación: Unidades 1, 2, 3 e 4.

2ª avaliación: Unidades 5, 6 7 e 8.

3ª avaliación: Unidades 9, 10, 11 e 12.

E) Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.

Os criterios de avaliación serán os que propón o Decreto que establece o currículo de

Bacharelato xa que se atopan en consonancia cos obxectivos e cos contidos propostos previamente. Poden resumirse nos seguintes puntos:

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático. Así, como lelos e analizalos tanto oralmente como por escrito. Este criterio pretende avaliar a capacidade para incorporar información, de forma autónoma. O grao de competencia lectora e outras destrezas intelectuais como a capacidade de análise e síntese.
2. Identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos, utilizando o vocabulario específico. Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas e teorías analizadas e o grao de incorporación significativa do vocabulario novo.
3. Debater e argumentar de xeito que se incorporen os conceptos e teorías á análise da vida real. Con este criterio poderase avaliar o grao de destreza e coherencia argumentativa mantendo o respecto ás diferentes opinións, así como o grao de funcionalidade dos conceptos adquiridos.

Procedementos para avaliar

A avaliación do alumnado forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo mesmo, é unha tarefa a realizar continuamente. Para levala a cabo, haberá que seguir, da forma máis sistemática posible, a evolución do alumnado ao longo das clases e o seu grao de obtención dos obxectivos propostos. Nese labor sistemático de observación dos alumnos haberá que ter en conta, sobre todo, os seguintes aspectos:

a) A asistencia a clase, a atención e a participación na mesma.

b) A calidade na realización das tarefas encomendadas: mapas conceptuais, redaccións, comentarios de texto, participacións en debates, en simulacións... de acordo cos criterios sinalados no apartado anterior.

c) No caso de que as tarefas sexan realizadas en grupo valorarase, ademais da calidade das mesmas, a actitude de colaboración e de diálogo que manteña no traballo do mesmo.

d) Por outra banda, en relación cos bloques de contidos, os alumnos terán que realizar polo menos unha proba escrita por avaliación, na que terán que demostrar que son capaces de comprender e comentar textos breves nos que se suscitan problemas filosóficos; que coñecen e utilizan correctamente os termos técnicos en relación co tema; que comprenden os problemas que se suscitaron no aula e sobre os que se lles pregunta na proba escrita e que son capaces de expresalos de forma integrada e relacionada; e, finalmente, que adoptan ante eses problemas unha postura critica e fundamentada.

e) Todos os traballos e achegas voluntarios que se realicen, redundarán na mellora da cualificación (se é que a calidade dos mesmos o permite). Así mesmo a participación nas actividades que se fan na viaxe a Atapuerca, Museo da evolución e Altamira redundarán tamén na cualificación.

f) Orientacións para as puntuacións das exposicións orais dos traballos.

	PUNTUACIÓN 100%	PUNTUACIÓN 50%	PUNTUACIÓN 25%
CREATIVIDADE (25%)	Usa elementos audiovisuais (power point, youtube, etc)	Usa algún soporte visual (lousa, fotocopias…)	Sen soporte visual
CLARIDADE (25%)	-Claridade na exposición: da a impresión de orde e organización. -É atractivo e interesante.	-Tenta estar organizado pero é un pouco confuso. -A exposición é atractiva ou interesante.	-Carece de orde eorganización. -Ritmo inadecuado, pouco interesante.
HABILIDADES ORAIS (25%)	-Non le (ou apenas), a exposición está preparada.	-Le de cando en vez -Atrae a atención por momentos.	-Le todo. -A exposición non é atractiva.
	-Atrae a atención. -Ten capacidade de crear debate		
CONTROL DO TEMPO (25%)	-Axústase ao tempo -É capaz de distribuír ben o tempo de exposición.	Párase en exceso ou demasiado pouco nalgunha parte da exposición	Non se axusta ao tempo, por exceso ou por defecto.

Criterios de cualificación.

En cada avaliación realizarase cando menos un exame/traballo. Ademais do exame/traballo, poderanse mandar facer traballos monográficos sobre temas, libros ou películas propostos, que logo poden ter que ser expostos de forma oral. A nota da avaliación é a media ponderada dos exames e dos traballos monográficos ou actividades propostas polo profesor ou profesora. O profesor indicará ao comezo da avaliación as porcentaxes pertinentes que representan os

exames/traballos ou actividades propostas.
As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10 e terán en conta os seguintes criterios para a súa valoración. Distinguimos catro niveis que se corresponden coas notas de suspenso, aprobado, notable e sobresaínte. As notas numéricas de cada nivel saen de matizar con maior profundidade estes criterios.

Criterios	**Suspenso (1-2-3-4)**	**Aprobado (5-6)**	**Notable (7-8)**	**Sobresaínte (9-10)**
Cantidade e calidade da información.	O tema ou non está tratado ou o fai insuficientemente. A información ten incorreccións e non é clara ou non está del todo centrada no tema pedido.	O tema está tratado e da resposta aínda que sen afondar. A información non sempre foi presentada de forma clara e concisa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. A maior parte da información é clara, precisa e minuciosa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. Toda a información é clara, precisa e minuciosa.
Redacción,	Moitos erros de gramática,	Poucos erros de gramática,	Case non hai erros de gramática, ortografía	Non hai erros de gramática, ortografía
organización.	ortografía ou puntuación. A información non é relevante e non está organizada de forma coherente en gran parte do escrito.	ortografía ou puntuación. A información é suficientemente relevante e está organizada unha forma correcta.	ou puntuación. A información é relevante e está ben organizada.	ou puntuación. A información é relevante e a organización é moi boa, facilitando a comprensión do tema.
Presentación	Mala presentación.	Presentación aceptable.	Boa presentación.	Moi boa presentación.
Comprensión do tema.	Non parece comprender o tema. Ás veces reproduce parágrafos do libro pero sen comprensión e sen relación.	Demostra un entendemento de partes do tema. Hai estudo, pero falta o análise o as relación.	Demostra un bo entendemento do tema. Non hai unha mera reprodución dun tema. Fai relacións.	Demostra un completo e profundo dominio do tema. Non reproduce senón que analiza e fai relacións.
Vocabulario.	Usa palabras ou frases que non se entenden.	Usa vocabulario específico relativamente Apropiado	Usa vocabulario específico apropiado.	Usa vocabulario específico apropiado e amplo.

O aprobado é un 5. Se a profesora o considera axeitado pódese facer media con 4. No caso de decimais á hora de obter a media, o redondeo farase, por defecto, a partires das 7 décimas.

F) Criterios de recuperación.

Ao finalizar a avaliación ou do curso o alumnado que non supere os criterios de avaliación cun 5 terá dúas opcións, a criterio da profesora:

a) repetir os traballos, exercicios e probas que resultaran suspensas, tras orientar en que consistiron os fallos e como emendalos.

b) facer un exame da materia.

G)Metodoloxía.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais como nas escritas.
- Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

Aceptamos o presuposto básico do construtivismo de que para construír coñecemento novo, o aprendiz emprega (nun grao importante) os coñecementos que xa posúe. O obxectivo é que o alumnado aprenda a pensar por si mesmo racionalmente, desenvolvendo os procesos do pensamento: conceptualizar nocións, problematizar as cuestións e argumentar racionalmente as teses.

Enquisa inicial. Tendo en conta a importancia que a psicoloxía cognitiva dá aos conceptos previos antes de desenvolver no aula calquera concepto, é preciso realizar unha enquisa que permita detectar as preconcepcións dos alumnos sobre o mesmo e, deste xeito, deseñar o seu desenvolvemento de forma graduada e realista. A posta en común dos resultados da enquisa pode servir, ademais, para tratar de crear inquietudes nos alumnos sobre o concepto ou conceptos que se van a tratar.

Diversidade de fontes. Por outra banda, como se pretende conseguir que os alumnos pensen autonomamente e adopten actitudes críticas tanto ante as fontes de información, como ante os contidos das mesmas, é necesario poñer ao seu alcance diversos tipos de fontes e, sobre todo, tratar de situarlles ante as distintas fundamentacións nas que cada unha delas apoia as súas posicións. Desta forma estaremos colocando ao alumnado na situación de ser eles os que, de

forma razoada, teñan que decidirse por algunha das opcións posibles, mantendo, ademais unha postura crítica respecto das demais.

Ensinar a aprender. Ademais, e co fin de conseguir non só que os alumnos realicen unha aprendizaxe significativa, senón tamén que adquiran uns procedementos que lles permitan aprender fóra das aulas, é dicir, que aprendan a aprender, aínda que non se pode prescindir das explicacións do profesor no aula, haberá que procurar que sexan abertas -é dicir, que os alumnos participen nelas da forma máis activa posible- e, sobre todo, haberá que utilizar textos nos que se expresen opinións diferentes, e razoadas - textos que os alumnos terán que comentar-. Faranse tamén pequenas investigacións, organizando posteriormente en clase debates en relación coas mesmas.
A metodoloxía a seguir nesta materia é de concepción construtivista. Por elo, ten as seguintes directrices:
1-Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a, tendo sempre en conta os seus coñecementos, ideas e experiencias previas.
2-Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, que garden relación, tanto desde o punto de vista lóxico, psicolóxico e funcional cos seus coñecementos previos.
3-Contribuír ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender, promovendo a autonomía dos alumnos/as. Para iso priorizaranse os contidos procedimentais a través de actividades como: interpretación de textos, comentario de textos, elaboración de cuestionarios, clasificación e manexo de datos e informacións, a utilización de diversas fontes e materiais sobre un tema, realización de informes ou investigacións.
4-Promover unha actividade intensa no alumno ou alumna, fomentando a súa participación en clase, realizando tarefas en pequenos grupos, argumentando e razoando adecuadamente nos debates propostos e tomando unha actitude crítica e de respecto cara aos demais. Ao final de cada tema, favoreceranse as actividades de sínteses, de investigación, aplicación nas cales adquirirá importancia a procura de información, a elaboración de composicións e redaccións filosóficas e ata a realización de debates e test. Favorecerase a participación activa, permitindo a elección persoal dalgúns temas de traballo e ofrecer actividades alternativas ou actividades optativas de investigación coas que contribuír ao desenvolvemento do pensamento diverxente.

H) Materiais e recursos didácticos

O manual que se pode recomendar é o de Filosofía da editorial Rodeira,
O profesorado verá a posibilidade de proporcionar apuntes, elaborados por eles, e admitindo os diferentes libros aos que o alumado teña acceso. Ademais, daráselles facilidade para acceder a aqueles libros de texto de que dispón o departamento, para que poidan consultar temas con máis profundidade, ou manexar outras fontes para ampliar ou acadar calquera tipo de información.
Así mesmo, o profesorado poderá entregar fotocopias ou documentos en formato dixital e apuntes ao alumnado cando o estime conveniente ou manexar outras fontes para ampliar ou acadar calquera tipo de información.

Así mesmo, o profesorado entregará fotocopias ou doc en formato dixital e apuntes ao alumnado cando o estime conveniente cando teñan que realizar traballos monográficos, en cada avaliación se así consideran oportuno ofreceríaselles aos rapaces un listado de libros, películas ou temas de investigación para que de entre eles elixan un e realicen o mencionado traballo. Procurarse que todo o material dos listados estea dispoñible na biblioteca do IES.

I) Actividades extraescolares

- Intentarase a participación na Olimpiada filosófica.

-Así mesmo, procuraremos que na medida do posible o alumnado participe nalgunhas actividades

do Centro relacionadas con Días Internacionais ou similares.

5- ARGUMENTACIÓN E ORATORIA. 1º Bacharelato

A) Obxectivos

No Departamento de Filosofía compartimos plenamente o afirmado no Decreto 86/2015 do 25 de xullo de 2015 respecto a que é preciso que dende o ámbito filosófico se busque capacitar ao alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Os alumnos e as alumnas deben esforzarse por adquirir a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. Cremos que, como sigue a dicir o Decreto, a aprendizaxe do tratamento racional e dialogado dos asuntos que se traten disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.
Para elo é preciso axudar ao alumnado a valorar a indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. Aínda que materia de Filosofía axuda neste senso, non é suficiente o tratamento que se da á practica da argumentación e da exposición argumentada.
Cómpre salientar que coa nosa proposta estamos a recoller o mesmo sentir expresado no PEC: Na cultura do diálogo, traballamos desde o noso centro para levar a cabo un plan de formación integral do alumnado que inclúa unha convivencia harmónica e pacífica, baseada no diálogo, na solidariedade, no esforzo individual e colectivo e no exercicio das liberdades. Neste documento recollese un perfil de persoa que é a que se procura. Segundo Paulo Freire, “os homes fanse na palabra, no traballo, na acción e na reflexión” así pois, propón “o diálogo como esencia da educación, como práctica da liberdade para a busca do coñecemento”.

Nun contexto onde é tan importante a opinión da sociedade acerca dos procesos que se dan, debemos formar persoas que discutan, interesadas polos acontecementos da vida cotiá. Ademais, a participación de todos na realización de tarefas, como experiencias que os axuden a producir un pensamento crítico, é imprescindible para posicionarse e coñecer os distintos enfoques dun tema. A sociedade formada no diálogo debería practicar a comunicación en canto teña oportunidade.
Precisamente para traballar este aspecto prático-dialóxico, o noso Departamento inclúe na programación a participación co alumnado en varias actividades para potenciar estas capacidades. En concreto, na Olimpíada de Filosofía de Galicia, nas modalidades de Disertación e Dilemas morais. Ademais contemplamos a posibilidade de xestionar o club de debate.

Concretando máis, os obxectivos perseguidos son:

- Adquirir unha conciencia cívica responsable

-Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico.
-Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valorar o diálogo como vía para solucionar problemas e acercar posturas.

- Ver ao outro/a no diálogo como parte da solución e non do problema.
- Comprender que mediante a confrontación de ideas aprendo e crezo como persoa.

-Rexeitar frontalmente a violencia e descalificación na relación cos/cas outros/as.

-Lograr desenvolver unha exposición oral ben estruturada sobre un tema de actualidade o interese.
-Participar nun debate organizado para o intercambio de opinións, manifestando respecto por outras opinións argumentadas como práctica para á vida.

B) Contidos mínimos

Unidade 1: A Disertación como modo de filosofar.

-Prácticas dislóxicas para cambiar o mundo: L.Rawls e J, Habermas.

- A Disertación como modo de filosofar.
- Que penso? Que quero dicir? Como o fago?
- Que é unha disertación e a súa estrutura.
- Como expoñer ante público unha disertación.

Unidade 2: O dilema moral

- Que é un dilema moral, a súa estrutura.
- Grandes dilemas filosóficos: o barco de Teseo, o dilema do tranvía, el adiviñanza de Epicuro...
- Estrutura dun dilema.
- Como expoñer ante público un dilema moral.

Unidade 3: O debate

- Debate filosófico segundo Sócrates
- Estrutura e elementos.
- Realización de un debate.

C) Grao mínimo de concreción dos estándares:

Unidade 1: A Disertación como modo de filosofar.

- Desenvolve simulacros dos escenarios propostos por Habermas e RalwsPrácticas dislóxicas para cambiar o mundo: L.Rawls e J, Habermas.

- Sabe desenvolver a estructura dunha disertación

- Elabora unha disertación e a expón ante o público

Unidade 2: O dilema moral

-Sabe o que é un dilema moral e o plantexa

- Investiga sobre os Grandes dilemas filosóficos: o barco de Teseo, o dilema do tranvía, el adiviñanza de Epicuro...

- Expón ante o público un dilema moral.

Unidade 3: O debate

-Coñece o debate filosófico segundo Sócrates

- PLantexa e e participa en debate.

D) Temporalización.

Materia de 1 hora á semana polo que a distribución sería:

1ª Avaliación:
Unidade 1.
2ª avaliación:
Unidade 2. 3ª
avaliación:
Unidade 3

E) Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.

Poden resumirse nos seguintes puntos:

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos temas propostos. Así, como lelos e analizalos tanto oralmente como por escrito. Este criterio pretende avaliar a capacidade para incorporar información, de forma autónoma. O grao de competencia lectora e outras destrezas intelectuais como a capacidade de análise e síntese.
2. Identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os temas propostos, utilizando o vocabulario correctamente. Con este criterio trátase de poñer a proba a capacidade do alumno/a para elaborar ideas, argumentalas e defendelas.
3. Debater e argumentar de xeito que se incorporen os novos coñecementos sobre a disertación, o dilema e o debate.

Procedementos para avaliar

A avaliación do alumnado forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo mesmo, é unha tarefa a realizar continuamente. Para levala a cabo, haberá que seguir, da forma máis sistemática posible, a evolución do alumnado ao longo das clases e o seu grao de obtención dos obxectivos propostos. Ao ser esta unha materia eminentemente procedimental, a avaliación debe adaptarse a isto.

Nese labor sistemático de observación dos alumnos haberá que ter en conta, sobre todo, os seguintes aspectos:

a) A asistencia a clase, a atención e a participación na mesma.

b) A calidade na realización das tarefas encomendadas.

c) No caso de que as tarefas sexan realizadas en grupo valorarase, ademais da calidade das mesmas, a actitude de colaboración e de diálogo que manteña no traballo do mesmo.

d) Por outra banda, en relación cos bloques de contidos, os alumnos terán que realizar unha proba escrita ou por avaliación, na que terán que demostrar que son capaces de elaborar unha disertación, dilema ou debate. Realizarán ademais a exposición oral da mesma.

e) Orientacións para as puntuacións das exposicións orais dos traballos.

	PUNTUACIÓN 100%	**PUNTUACIÓN 50%**	**PUNTUACIÓN 25%**

CREATIVIDADE (25%)	Usa elementos audiovisuais (power point, youtube, etc)	Usa algún soporte visual (lousa, fotocopias…)	Sen soporte visual
CLARIDADE (25%)	-Claridade na exposición: da a impresión de orde e organización. -É atractivo e interesante.	-Tenta estar organizado pero é un pouco confuso. -A exposición é atractiva ou interesante.	-Carece de orde e organización. -Ritmo inadecuado, pouco interesante.
HABILIDADES ORAIS (25%)	-Non le (ou apenas), a exposición está preparada. -Atrae a atención. -Ten capacidade de crear debate	-Le de cando en vez -Atrae a atención por momentos.	-Le todo. -A exposición non é atractiva.
CONTROL DO TEMPO (25%)	-Axústase ao tempo -É capaz de distribuír ben o tempo de exposición.	Párase en exceso ou demasiado pouco nalgunha parte da exposición	Non se axusta ao tempo, por exceso ou por defecto.

Criterios de cualificación.

En cada avaliación realizarase probas prácticas e cando menos un traballo escrito coa súa exposición, sexa individual ou en grupo. A nota da avaliación é a media dos traballos que se desenvolvan en cada avaliación.
As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10. O aprobado é un 5. Se a profesora o considera axeitado pódese facer media con 4.
No caso de decimais á hora de facer a media, o redondeo farase por defecto, a partires das 7 décimas.

F) Criterios de recuperación.

Ao finalizar a avaliación ou do curso o alumnado que non supere os criterios de avaliación cun 5 terá dúas opcións, a criterio da profesora:
a) repetir os traballos, exercicios e probas que resultaran suspensas, tras orientar en que consistiron os fallos e como emendalos.
b) facer un exame da materia.

G) Metodoloxía .

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.

Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.

Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
Cómpre pór o acento na orientación metodolóxica do tratamento da oratoria nas aulas.

En primeiro lugar, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado.
En segundo lugar, débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación.
En terceiro lugar, resulta imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado.
En cuarto e último lugar, a metodoloxía de traballo por proxectos, sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentacións, etc.), parece adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia.

H) Materiais e recursos didácticos

A profesora proporcionará apuntes e o material necesario tanto en formato papel como dixital para realización das actividades prácticas.

I) Actividades extraescolares

Intentarase a participación Club de debate e na Olimpíada Fifosofica na modalidade de dilema moral.
Estas suspendidas, por decisión da CCP e do Consello Escolar as actividades extraescolares que supoñan sair do centro.

6- HISTORIA DA FILOSOFÍA.2º de Bacharelato

A) <u>Obxectivos:</u>

O desenvolvemento da materia ha de contribuír a que o alumnado adquira as seguintes capacidades:
Coñecer e comprender os diferentes períodos nos que se divide a historia da filosofía (situación histórica, temas, autores, escolas) .
Comprender a conexión entre os problemas expostos e as teorías propostas con outras manifestacións teóricas e prácticas do contexto histórico (socioeconómico, político, científico e artístico) onde foron enunciados.
Comprender a historia da filosofía como un avance en espiral, onde os problemas son retomados cun crecente nivel de radicalidade metodolóxica.
Recoñecer e situar os problemas filosóficos fundamentais que ocuparon aos filósofos ao longo da historia e recoñecer a súa transcendencia para a comprensión do mundo actual.
Aprender a ler e comentar textos filosóficos establecendo entre eles un diálogo crítico que leve á súa interpretación e á súa comparación coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
Asimilar comprensivamente os conceptos filosóficos máis importantes e utilizalos como ferramentas intelectuais que permitan formular e explicar adecuadamente cuestións tanto humanísticas como científicas.
Aprender a analizar e expoñer adecuadamente, de modo oral e escrito, os problemas e as teorías filosóficas estudadas prestando especial interese ao rigor conceptual e lóxico.
Desenvolver e consolidar a actitude crítica ante opinións contrapostas, someténdoas a unha reflexión racional, e analizar os conceptos previos, prexuízos e posicións ideolóxicas que poidan existir como condicionantes.
Comprender e valorar o desenvolvemento das ideas como un continuado esforzo racional e comprender e valorar o diálogo racional e a súa orixe.
Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

B) **CONTIDOS MÍNIMOS**

Considéranse imprescindibles para superar a materia

FILOSOFÍA ANTIGA I: Presocráticos, Sofistas, Sócrates e Platón

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do sistema platónico de pensamento, concretamente mediante a asimilación dos factores socio-históricos e culturais que favoreceron o xurdimento da filosofía no marco da polis grega, as características e diferenzas dos antecedentes presocráticos, especialmente Heráclito, Parménides e Anaxágoras e, por último, a través da comparación das visións dos sofistas e Sócrates en torno ao ser humano e a sociedade.

-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento platónico e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos deste autor. Os aspectos da filosofía platónica que han de ser asimilados son: A teoría platónica das ideas: Mundo sensible e mundo intelixible. Graos de coñecemento. A concepción política de Platón: Antropoloxía platónica Vinculación da alma

á cidade.
-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento platónico con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA ANTIGA II: Aristóteles e Filosofía Helenística

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do sistema aristotélico de pensamento, concretamente mediante a distinción das semellanzas e diferenzas entre a filosofía platónica e a aristotélica, a comprensión do proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico, así como o contexto histórico do tránsito cara ao mundo helenístico.

-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento aristotélico e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos deste autor. Os aspectos da filosofía aristotélica que han de ser asimilados son: A teoría hylemórfica no seo da physis:A kínesis ou cambio.Os principios do cambio. A teoría causal.Xerarquía de seres e modos de ser. O motor inmóbil.A idea de cidadán en Aristóteles: A ética aristotélica: ethos e praxe, o concepto de areté.A idea de polis e a condición de cidadán.

-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento aristotélico con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MEDIEVAL: Cristianismo e Filosofia, Agostiño de Hipona, Escolástica e Tomé de Aquino.

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do pensamento medieval, concretamente mediante a distinción das semellanzas e diferenzas entre a filosofía grega e a relixión cristiá, a comprensión das principais ideas novas provenientes do cristianismo; así mesmo han de asimilarse os aspectos fundamentais das últimas etapas da Idade Media en relación ao pensamento tomista: a noción de Escolástica e o nacemento da Universidade, así como a recepción de Aristóteles, a través do averroísmo latino.
-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento medieval e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Agostiño de Hipona e Tomé de Aquino. Os aspectos do pensamento destes autores que han de ser asimilados son: O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.

-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento medieval con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MODERNA I . (Renacemento e Revolución científica; Racionalismo: Descartes; Empirismo: Locke e Hume)

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do pensamento moderno, primeiramente racionalista e empirista, en concreto mediante a asimilación da orixe da modernidade no Renacemento e o movemento relixioso da Reforma protestante, así como da conexión do empirismo e o racionalismo ca revolución científica.

-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento moderno de Racionalismo e Empirismo e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Descartes, Hume e Locke.

Os aspectos do pensamento destes autores que han de ser asimilados son: Realismo político en Maquiavelo. O problema do método: a idea de substancia en Descartes e o problema da veracidade divina. Fenomenalismo, causalidade e emotivismo en Hume.A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.
-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento moderno de Racionalismo e Empirismo con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MODERNA II (Ilustración: Rousseau e Kant)

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do pensamento moderno ilustrado, en concreto mediante a asimilación dos factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración, das novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza, así como as características fundamentais da razón ilustrada.
-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento moderno da Ilustración e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Kant. Os aspectos do pensamento deste autor que han de ser asimilados son:
Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.A idea kantiana de Ilustración.A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant. O formalismo moral.
-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento moderno da Ilustración kantiana con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA I (Marx)

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do pensamento marxiano, en concreto mediante a asimilación das influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política no mesmo, a interiorización das implicacións da Revolución industrial e movemento obreiro, e a relación disto co nacemento das ciencias sociais.
-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento marxiano e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Marx. Os aspectos do pensamento deste autor que han de ser asimilados son: O concepto de alienación.A análise da mercancía e o concepto de plusvalía. O materialismo histórico.
-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento marxiano con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA II (Nietzsche, Ortega y Gasset e Escola de Francfourt)

-Coñecer e comprender o marco histórico e conceptual do pensamento nietzscheano, en concreto do novo marco científico (facendo fincapé no evolucionismo e positivismo) e da herdanza da Ilustración.
-Comprender e ser capaces de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento nietzscheano e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Nietzsche. Os aspectos do pensamento deste autor que han de ser asimilados son: O método xenealóxico.Crítica da cultura occidental: O nihilismo. A vontade de poder e o Superhome.
-Expoñer con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento nietzscheano con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia

da Filosofía occidental. Filosofía española. Ortega y Gasset. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. Pensamento postmoderno.

C) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES

Transversais: Comprende os textos mais salientables e analiza as ideas e identifica os conceptos mais relevantes dos autores da historia da Filosofía

FILOSOFÍA ANTIGA I:
-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do sistema platónico de pensamento, concretamente mediante a asimilación dos factores socio-históricos e culturais que favoreceron o xurdimento da filosofía no marco da polis grega, as características e diferenzas dos antecedentes presocráticos, especialmente Heráclito, Parménides e Anaxágoras e, por último, comparando as visións dos sofistas e Sócrates en torno ao ser humano e a sociedade.

-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento platónico e relaciona os mesmos con algún dos máis relevantes textos deste autor. Explica con claridade a teoría platónica das ideas, as características do Mundo sensible e mundo intelixible, Os Graos de coñecemento, a concepción política de Platón e a antropoloxía platónica relacionando os conceptos de alma e a cidade
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento platónico con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA ANTIGA II:
-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do sistema aristotélico de pensamento distinguindo as semellanzas e diferenzas entre a filosofía platónica e a aristotélica, a comprensión do proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico, así como o contexto histórico do tránsito cara ao mundo helenístico.

-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento aristotélico e relaciona os mesmos con algún dos máis relevantes textos deste autor. Explica con claridade a teoría hylemórfica no seo da physis, o cambio segundo Aristóteles, a teoría causal e os modos de ser; o motor inmóvil, a idea de cidadán , a ética aristotélica, o concepto de areté e a teoría política de Aristóteles.
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento aristotélico con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MEDIEVAL
-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do pensamento medieval distinguindo semellanzas e diferenzas entre a filosofía grega e a relixión cristiá,conprendendo as principais ideas novas provenientes do cristianismo; así mesmo comprende a noción de Escolástica e a importancia do nacemento da Universidade, así como a recepción de Aristóteles, a través do averroísmo latino.
-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento medieval e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Agostiño de Hipona e Tomé de Aquino e sobre O problema

entre razón e fe nestes autores
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento medieval con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MODERNA I (Racionalismo e Empirismo)
-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do pensamento moderno, primeiramente racionalista e empirista, a orixe da modernidade no Renacemento e o movemento relixioso da Reforma protestante, así como da conexión do empirismo e o racionalismo ca revolución científica.

-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento moderno de Racionalismo e Empirismo e relacione os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Descartes, Hume e Locke. Entende o realismo político en Maquiavelo además do problema do método, a idea de substancia, o problema da veracidade divina na filosofía cartesiana. Explica o Fenomenalismo, causalidade e emotivismo en Hume e idea de "estado de natureza" como fundamento ideolóxico do novo estado burgués na a teoría do contrato social en Locke.
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento moderno de Racionalismo e Empirismo con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA MODERNA II (Rousseau e Kant)

-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do pensamento moderno ilustrado, en concreto os factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración, as novas ideas que trae o movemento ilustrado: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización e natureza; así como as características fundamentais da razón ilustrada.
-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento moderno da Ilustración e relaciona os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Kant. Distingue no pensamento de Rousseau os seguintes conceptos: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. Asimesmo, no pensamento kantiano entende a idea kantiana de Ilustración, a síntese que realiza entre racionalismo e empirismo e o seu formalismo moral.
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento moderno da Ilustración kantiana con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA I (Marx)

-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do pensamento marxiano, en concreto as influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política no mesmo, as implicacións da Revolución industrial e movemento obreiro, e a relación disto co nacemento das ciencias sociais.
-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúa información sobre os diferentes elementos do pensamento marxiano e relaciona os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Marx: o concepto de alienación, a análise da mercadoría e o concepto de plusvalía. Explica con claridade o materialismo histórico.
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento marxiano con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.

FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA II (Nietzsche, Ortega y Gasset, Escola de Francfourt)
-Coñece e comprende o marco histórico e conceptual do pensamento nietzscheano, en concreto do novo marco científico (facendo fincapé no evolucionismo e positivismo) e da herdanza da Ilustración.
-Comprende e é capaz de realizar unha composición que inclúe información sobre os diferentes elementos do pensamento nietzscheano e relaciona os mesmos con algún dos máis relevantes textos de Nietzsche, demostrando ser capaz de asimilar o método xenealóxico en Nietzsche, a súa crítica da cultura occidental, o seu nihilismo, o concepto de vontade de poder e o de Superhome.
-Expón con claridade e rigor conceptual as relacións (de semellanza ou diferenza) do pensamento nietzscheano con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía occidental.
- Coñece e comprende as ideas fundamentais do raciovitalismo do filósofo español Ortega y Gasset: o perspectivismo, o eu e a circunstancia e o home-masa.
- Coñece e comprende o que define a Filosofía crítica da escola de Frankfurt, a crítica que realizan á razón ilustrada e á idea de progreso. Asimesmo comprende os conceptos de Habermas: Racionalidade dialóxica, os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. Pensamento postmoderno.

D) Temporalización.

Os contidos transversais desenvolveranse ao longo de todo o curso pois en todos os temas se analizarán e comentarán textos e faranse exercicios para que exprese as súas ideas, argumente e demostre a súa capacidade crítica.
Na materia de Historia da Filosofía, consideramos que hai que ter certa flexibilidade á hora da distribución dos tempos, pois vai depender dos diferentes grupos de alumnado e consideramos que o criterio a primar é o da comprensión e asimilación dos contidos sobre a cantidade.

A planificación sería a seguinte:
1ª Avaliación: O Bloque de Filosofía antiga e medieval. Unidades temáticas : Presocráticos, Sofistas-Sócrates, Platón,Aristóteles, Helenismo, Cristianismo e Filosofía, Agustiño de Hipona, Escolástica: Tomé de Aquino, O Nominalismo de Guillerme de Ockham.
2ª avaliación: O Bloque de Filosofía moderna. Unidades Temáticas: O Renacemento e a Revolución científica. O racionalismo: Descartes. O Empirismo: Locke e Hume. A ilustración: Rousseau e Kant
3ª avaliación: O Bloque de Filosofía contemporánea. Unidades Temáticas: Marx e o marxismo. Nietzsche. Ortega y Gasset. A Escola de Franckfurt

E) Metodoloxía.

Levarase a cabo unha metodoloxía activa, flexible e aberta, na que teremos en conta os seguintes principios construtivistas:
-Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos.
- Adaptación da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

-Potenciar o pensamento e traballo autónomos (aprender a aprender) fronte ao memorismo mecánico sen asimilación dos contidos.
- Incitar a facer uso de técnicas de investigación e indagación activa.

- Crear un espazo para o diálogo, a expresión e a crítica.

-Realizar avaliacións que sirvan de punto de referencia á actuación docente (avaliar as

aprendizaxes dos alumnos e alumnas sen esquecer a avaliación do propio proceso de ensinanza).

En Historia da filosofía, as estratexias expositivas servirán para introducir os temas, serán útiles nos bosquexos panorámicos ou introdutorios, e no avance dos distintos contidos, non obstante tamén se tratará de implicar aos rapaces e rapazas de modo que "aprendan a aprender", para iso se realizarán exposicións, comentarios de textos, intervencións en debates e toda aquela técnica que promova a participación activa do alumnado. Todo o cal promoverá o interese e a motivación do alumnado, a exposición das súas opinións, a capacidade de argumentar, a pluralidade de ideas e a tolerancia e respecto a ideas que poidan enriquecer os seus puntos de vista. Vai ser prioritario o fomento de técnicas de traballo, para evitar a acumulación de información e favorecer o traballo diario; para iso elaboraranse mapas conceptuais, resumos, esquemas, vocabulario, recensións, reflexións persoais, construirase un dicionario ou glosario de termos filosóficos, e potenciarase o diálogo crítico e razoado.

F) Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación

Os criterios de avaliación son os recollidos no currículo de Historia da Filosofía:

-Situar e contextualizar adecuadamente os principais filósofos estudados no seu marco histórico e filosófico.
-Relacionar os problemas filosóficos estudados nos núcleos temáticos coas condicións históricas, sociais e culturais nas que xurdiron e ás que intentaron dar resposta.
-Amosar e recoñecer a implicación dos sistemas filosóficos no desenvolvemento histórico das ideas e dos cambios sociais.
-Analizar o contido e o método de exposición dun texto filosófico atendendo á identificación dos seus elementos fundamentais (problemas, conceptos e termos específicos) e da súa estrutura expositiva (teses, argumentos, conclusións).
-Interpretar e comparar textos filosóficos en conexión co seu contexto teórico e social, e diferenciando as propostas que contén doutras posicións posibles sobre o mesmo tema.
-Expoñer de modo claro e ordenado, as liñas fundamentais dos problemas e sistemas dos filósofos que se estudiaron de modo analítico.
-Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas analizadas no desenvolvemento dos núcleos temáticos, relacionándoas e sinalando a permanencia e historicidade das propostas filosóficas.
-Utilizar de forma autónoma procedementos e técnicas adecuadas para a busca de información, selección e organización da mesma, así como para a planificación e correcta exposición dalgún traballo de carácter monográfico relativo a algún aspecto da historia do pensamento filosófico.
-Incluír as propias opinións no debate dalgún problema do presente que suscite interese, relacionándoas coas posicións dos filósofos estudados en épocas pasadas.
-Facer contrastacións argumentadas e ben fundadas sobre o que está vixente ou o que está caduco na actualidade. Neste sentido a visita a Atapuerca contribúe a facer unha análise holística sobre a cuestión básica da filosofía: que é o ser humano?

Criterios de cualificación

Avaliarase o cumprimento dos obxectivos propostos e a asimilación de contidos. A avaliación será continua, medirase o aprendido pola alumna ou alumno a través de distintas técnicas de observación que faciliten a información correspondente ao seu progreso no proceso de aprendizaxe:

- Actitude do alumno ou alumna e grao de participación.

-Actividades propostas: realización de test, traballos escritos sobre fragmentos de libros ou

películas, lecturas de fragmentos ou capítulos de obras de referencia dos filósofos explicados, comentarios de textos.

- Busca e análise de información complementaria.
- Intervencións dos rapaces e rapazas a través de debates e disertacións.

As probas escritas que se realizarán en cada trimestre, determinarán de maneira principal a cualificación. As pobras escritas poderán consistir na realización dunha composición, un traballo ou outro tipo de proba, terase moi en conta e practicarase o modelo de examen das ABAU.
Se o profesor/a o considera oportuno, faranse cuestións breves, deixando sempre o tempo necesario para facer o exame.
Cando na realización das probas non se obteña como nota mínima un cinco, a avaliación se considerará suspensa. A media faise a partir de 4. No caso de decimais á hora de facer a media, o redondeo farase, por defecto, a partires das 7 décimas.
Ao final de cada trimestre elaborarase unha nota ponderada a través das cualificacións obtidas polo alumno ou alumna nas probas escritas que o alumnado realizou durante o período correspondente á avaliación.
As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10 e terán en conta os seguintes criterios para a súa valoración. Distinguimos catro niveis que se corresponden coas notas de suspenso, aprobado, notable e sobresaínte. As notas numéricas de cada nivel saen de matizar con maior profundidade estes criterios.

Criterios	**Suspenso (1-2-3-4)**	**Aprobado (5-6)**	**Notable (7-8)**	**Sobresaínte (9-10)**
Cantidade e calidade da información.	O tema ou non está tratado ou o fai insuficientemente. A información ten incorreccións e non é clara ou non está del todo centrada no tema pedido.	O tema está tratado e da resposta aínda que sen afondar. A información non sempre foi presentada de forma clara e concisa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. A maior parte da información é clara, precisa e minuciosa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. Toda a información é clara, precisa e minuciosa.
Redacción, organización.	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información non é relevante e non está organizada de forma coherente en gran parte do escrito.	Poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é suficientemente relevante e está organizada unha forma correcta.	Case non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e está ben organizada.	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e a organización é moi boa, facilitando a comprensión do tema.
Presentación	Mala presentación.	Presentación aceptable.	Boa presentación.	Moi boa presentación.

Comprensión do tema.	Non parece comprender o tema. Ás veces reproduce parágrafos do libro pero sen comprensión e sen relación.	Demostra un entendemento de partes do tema. Hai estudo, pero falta o análise o as relación.	Demostra un bo entendemento do tema. Non hai unha mera reprodución dun tema. Fai relacións.	Demostra un completo e profundo dominio do tema. Non reproduce senón que analiza e fai relacións.
Vocabulario.	Usa palabras ou frases que non se entenden.	Usa vocabulario específico relativamente Apropiado	Usa vocabulario específico apropiado.	Usa vocabulario específico apropiado e amplo.

G) Criterios de Recuperación

Os alumnos/as que non acaden unha cualificación de 5 terán como mínimo unha recuperación por avaliación, que poderá facerse ao final da avaliación ou a final do curso. As alumnas e alumnos que non superen estas probas, cun máximo de dous autores suspensos, contarán cunha nova posibilidade en xuño. Se non superaran esta proba teñen outra opción en setembro, onde se realizará unha proba global do temario sobre os contidos mínimos da materia. Considerarase imprescindible a madurez á hora de redactar, o rigor conceptual, a capacidade crítica, a comprensión dos textos, e a asimilación dos contidos mínimos do programa.

H) Materiais e recursos didácticos

Dado o prezo elevado dos manuais de texto, o departamento decidiu non ter libro obrigatorio. Recomendaranse os manuais de Mc Graw Hill e de Educalia, aínda que podería valer calquera outro do que dispoñan os alumnos.
Poderase utilizar a páxina web Oráculo de Delfos:

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/mochiladigitalESO/sec/ite/caminos_felicidad/oraculo_3_0.html

O profesorado proporcionará apuntes, admitindo os diferentes libros aos que o alumado teña acceso. Ademais, daráselles facilidade para acceder a aqueles libros de texto de que dispón o departamento, para que poidan consultar temas con máis profundidade, ou manexar outras fontes para ampliar ou acadar calquera tipo de información.
Así mesmo, o profesorado entregará fotocopias ou documentos en formato dixital e apuntes ao alumnado cando o estime conveniente.
A información publicarase na aula virtual así como poderá publicarse no blog do departamento: http://filolandra.blogspot.com.es/

Os rapaces e rapazas deberán contar cunha carpeta ou caderno no que se incluirá:

-Apuntes tomados da explicación en clase.

-Vocabulario ou glosario dos termos filosóficos significativos de cada autor e as súas definicións.

-Información que eles mesmos recollan doutras fontes.

-Actividades escritas realizadas na clase.

7-PSICOLOXÍA. 2º Bacharelato

A) OBXECTIVOS

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interre-lación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita. A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía.
A materia organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta",
"Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

B) Contidos mínimos.

Bloque 1: A psicoloxía como ciencia. Obxecto propio da psicoloxía.
A psicoloxía e outros saberes.

Metodoloxías e ramas da investigación psicolóxica.

Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta. Anatomía do encéfalo humano.
Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta. Morfoloxía da neurona.
Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores. Áreas do cerebro e as funcións que executan.
Xenéticas e discurso de xénero.

Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria Percepción: elementos e fases do proceso.
Teorías sobre a percepción.

Ilusións ópticas e trastornos perceptivos. A memoria.
Atención e concentración.

Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento

Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.
Factores que inflúen na aprendizaxe. Teorías actuais sobre a intelixencia
Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade. A intelixencia emocional e as súas competencias.

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade. Teorías sobre a motivación.
Causas da frustración.

Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación. Teorías da personalidade
Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.
Identidade e autoestima.

Patoloxías que supoñen unha alteración da personalidade

Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións, ás emocións.
Trastornos en relación a elementos corporais, á personalidade e ao desenvolvemento evolutivo.
Intelixencia emocional.
Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicoloxía da sexualidade.

Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións Procesos psicolóxicos de masas.
Aplicación da Psicoloxía no mundo laboral. Recursos humanos e riscos da saúde psicolóxica laboral.

C) Grao mínimo de consecución dos estándares

Bloque 1: Proceso histórico de constitución da psicoloxía como ciencia

-Situa a distintos autores nas correntes de Psicoloxía.

-Distingue o Obxecto propio da psicoloxía.

-Establece a relación entre a psicoloxía e outros saberes.

-Recoñece as metodoloxías e ramas da investigación psicolóxica.

Bloque 2 : Os fundamentos biolóxicos da conduta

- Describe os aspectos fundamentais da anatomía do encéfalo humano.

- Investiga a filoxénese da evolución do cerebro humano e a súa relación coa conduta.

-Explica a morfoloxía da neurona e utiliza correctamente conceptos como: sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.

- Coñece as diferentes areas do cerebro e as funcións que executan.

-Reflexiona sobre as componente xenéticas e o discurso de xénero na conducta humana.

Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria. -Comprende os elementos e as fases do proceso perceptivo.

-Diferencia as Teorías sobre a percepción.

-Investiga sobre as Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.

-Explica as teorías que explican a memoria e valora a importancia da atención e concentración.

Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento

-Distingue e explica as características das diferentes Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.

-Investiga sobre os Factores que inflúen na aprendizaxe.

-Distingue e explica as ideas fundamentais das Teorías actuais sobre a intelixencia

-Investiga e expón con claridade as características que definen os procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.

-Recoñece e explica os aspectos que definen á intelixencia emocional e as súas competencias.

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, Personalidade e afectividade.

-Distingue as diferentes teorías sobre a motivación e as Causas da frustración.

-Coñece as alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.

-Recoñece as diferentes teorías da personalidade así como os métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.

-Investiga sobre os diferentes tipos de Drogas e expón claramente as posibles alteracións de conciencia e da personalidade.

-Coñece as características que definen a Identidade e valora a importancia da autoestima.

-Investiga e recoñece as diferentes Patoloxías que supoñen unha alteración da personalidade, así como as diferentes perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.

-Coñece os diferentes trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións, ás emocións. Os trastornos en relación a elementos corporais, á personalidade e ao desenvolvemento evolutivo.

- Coñece os aspectos que definen a Intelixencia emocional.

- Valora a importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa.

-Investiga e pon en común os diferentes as pectos da Psicoloxía da sexualidade.

Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións

-Investiga e expón con claridade a influencia social no comportamento humano.

- Coñece os experimentos famosos sobre a obediencia

- Explica as características da aplicación da Psicoloxía ao mundo laboral.

D) Temporalización.

Consideramos que debe haber certa flexibilidade á hora da distribución dos tempos, pois vai depender dos diferentes grupos de alumnado e consideramos que o criterio a primar é o da comprensión e asimilación dos contidos sobre a cantidade.

A planificación sería a seguinte:

1ª Avaliación: Bloque 1 e 2.

2ª avaliación: Bloque 3 e 4.

3ª avaliación: Bloque 5 e 6.

E) Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.

Poden resumirse nos seguintes puntos:

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos temas propostos. Así, como lelos e analizalos tanto oralmente como por escrito. Este criterio pretende avaliar a capacidade para incorporar información, de forma autónoma. O grao de competencia lectora e outras destrezas intelectuais como a capacidade de análise e síntese.
2. Identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os temas propostos, utilizando o vocabulario correctamente. Con este criterio trátase de poñer a proba a capacidade do alumno/a para concibir ideas, argumentalas e defendelas.
3. Debater e argumentar de xeito que se incorporen os novos coñecementos sobre a disertación, o dilema e o debate.

Procedementos para avaliar

A avaliación do alumnado forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo mesmo, é unha tarefa a realizar continuamente. Para levala a cabo, haberá que seguir, da forma máis sistemática posible, a evolución do alumnado ao longo das clases e o seu grao de obtención dos obxectivos propostos. Ao ser esta unha materia eminentemente procedimental, a avaliación debe adaptarse a isto.

Nese labor sistemático de observación dos alumnos haberá que ter en conta, sobre todo, os seguintes aspectos:

a) A asistencia a clase, a atención e a participación na mesma.
b) A calidade na realización das tarefas encomendadas.
c) No caso de que as tarefas sexan realizadas en grupo valorarase, ademais da calidade das mesmas, a actitude de colaboración e de diálogo que manteña no traballo do mesmo
d) Por outra banda, en relación cos bloques de contidos, os alumnos terán que realizar unha proba escrita ou por avaliación, na que terán que demostrar que son capaces de elaborar unha disertación, dilema ou debate. Realizarán ademais a exposición oral da mesma.
e) Orientacións para as puntuacións das exposicións orais dos traballos.

	PUNTUACIÓN 100%	**PUNTUACIÓN 50%**	**PUNTUACIÓN 25%**
CREATIVIDADE (25%)	Usa elementos audiovisuais (powe r point, youtube, etc)	Usa algún soporte visual (lousa, fotocopias…)	Sen soporte visual
CLARIDADE (25%)	-Claridade na exposición: da a impresión de orde e organización. -É atractivo e interesante.	-Tenta estar organizado pero é un pouco confuso. -A exposición é atractiva ou interesante.	-Carece de orde e organización. -Ritmo inadecuado, pouco interesante.

HABILIDADES ORAIS (25%)	-Non le (ou apenas), a exposición está preparada. -Atrae a atención. -Ten capacidade de crear debate	-Le de cando en vez -Atrae a atención por momentos.	-Le todo. -A exposición non é atractiva.
CONTROL DO TEMPO (25%)	-Axústase ao tempo -É capaz de distribuír ben o tempo de exposición.	Párase en exceso ou demasiado pouco nalgunha parte da exposición	Non se axusta ao tempo, por exceso ou por defecto.

Criterios de cualificación.

En cada avaliación realizarase cando menos un exame ou traballo, escrito ou oral, sexa individual ou en grupo. A nota da avaliación é a media ponderada dos traballos ou pobras escritas establecendo o profesor o valor de cada proba no inicio da avaliación
As probas serán valoradas cunha nota de 0 a 10. O aprobado é un 5. Se a profesora o considera axeitado pódese facer media con 4. No caso de decimais á hora de facer a media, o redondeo farase a partir das 7 décimas.

F) Criterios de recuperación.

Ao finalizar a avaliación ou do curso o alumnado que non supere os criterios de avaliación cun 5 terá dúas opcións, a criterio da profesora:
a) repetir os traballos, exercicios e probas que resultaran suspensas, tras orientar en que consistiron os fallos e como emendalos.
b) facer un exame da materia.

G) Metodoloxía

Levarase a cabo unha metodoloxía activa, flexible e aberta, na que teremos en conta os seguintes principios construtivistas:
-Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos.
- Adaptación da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

-Potenciar o pensamento e traballo autónomos (aprender a aprender) fronte ao memorismo mecánico sen asimilación dos contidos.
- Incitar a facer uso de técnicas de investigación e indagación activa.

- Crear un espazo para o diálogo, a expresión e a crítica.

-Realizar avaliacións que sirvan de punto de referencia á actuación docente (avaliar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas sen esquecer a avaliación do propio proceso de ensinanza).
As estratexias expositivas servirán para introducir os temas, serán útiles nos bosquexos panorámicos ou introdutorios, e no avance dos distintos contidos, non obstante tamén se

tratará de implicar aos rapaces e rapazas de modo que "aprendan a aprender", para iso se realizarán exposicións, comentarios de textos, intervencións en debates e toda aquela técnica que promova a participación activa do alumnado. Todo o cal promoverá o interese e a motivación do alumnado, a exposición das súas opinións, a capacidade de argumentar, a pluralidade de ideas e a tolerancia e respecto a ideas que poidan enriquecer os seus puntos de vista. Vai ser prioritario o fomento de técnicas de traballo, para evitar a acumulación de información e favorecer o traballo diario; para iso elaboraranse mapas conceptuais, resumos, esquemas, vocabulario, recensións, reflexións persoais, construirase un dicionario ou glosario de termos filosóficos, e potenciarase o diálogo crítico e razoado.

H) Materiais e recursos didácticos

Algúns dos materiais cos que traballaremos e que estarán dispoñibles na biblioteca do centro son:

Mariño, Xurxo: Neurociencia para Julia. Ed.

Laetoli Pinillos, J.L.: La mente humana. Ed.

Temas de hoy

Sacks, O.: El hombre que confundió a su mujer con un sombrero. Ed.

Anagrama Punset, E.: El alma está en el cerebro. Ed. Punto de lectura.

Cine : Proposta de análise didáctico de Películas como “Despertares”, “El experimento”, “La Ola”….etc.

Series documentais de temas de Psicoloxía como a de Philip Zimbardo.

I) Actividades extraescolares

No presente curso e por decisión da CCP e o Consello Escolar, non poderán realizarse actividades extraescolares que supoñan sair do centro polo que intentarase que haxa charlas de especialistas sobre cuestións prácticas da psicolxía asi como tamén sobre enfermidades mentais ou outros temas relacionados coa materia que sexan de interés para o alumnado.

Seguimento das materias pendentes en bacharelato.

Ofreceranse dúas modalidades para axudar ao alumnado a superar a materia pendente: Exercicios de repaso: a profesora elabora una serie de exercicios relacionados cos criterios mínimos e entregaraos ao alumno ou a alumna mensualmente.
Dúas probas escritas na que formularanse cuestión traballadas nos exercicios antes citados. Se non se superan as probas, a materia acumularase ata a proba de Maio

Modalidade de ensinanza non presencial

No curso pasado, a situación de emerxencia de Saúde Pública ocasionada pola Covid-19 esixiu facer modificacións de calado profundo na práctica educativa, na incerteza sobre o que poida ocorrer no futuro, e plantexou a necesidade dun ensino mixto para continuar a práctica educativa a combinación do espazo presencial e o virtual. Este curso, grazas a vacinación colectiva, as expectativas son mais tranquilizadoras mais hai que seguir prevendo a posibilidade de situacións particulares que non permitan un ensino presencial. Asi, para o ensino non presencial mantemos as liñas que se recollen para o ensino presencial nesta programación. Consideramos que só hai que utilizar as ferramentas tecnoloxícas disponibles aplicadas a docencia como o servizo de videoconferencia con Webex (plataforma que permitiu interactuar en tempo real aos docentes co alumnado) e que fai posible poder compartir contidos, facer cuestionarios, exercicios en tempo real e de xeito colaborativo.

Usarase a aula virtual con Moodle na que se creará o curso correspondente a cada materia e na que se matriculará o alumnado xa desde o inicio do curso, desde a cal pódense xestionar contidos, recursos, actividades, tarefas, todo tipo de material en soporte dixital.

Calquera plataforma disponible que veña avalada pola consellería de educación e que permita ao profesorado ter aceso a instrumentos de avaliación (escollas, enquisas, cuestionario tipo test de corrección automática, tarefas con entrega…) permitirá continuar coa docencia en formato non presencial. Utilizaranse todos os medios dispoñibles, como espazo Abalar, ou Aulas galegas para o ensino non presencial.

Puntalizar que neste caso, en Filosofía, a técnica de debate na aula sobre determinados problemas filosóficos terá que replantexarse e buscar alternativas que permitan a reflexión en grupo creando foros, non só de dúbidas senón tamén de debate.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atenderase en todo momento á diversidade de interese, capacidades, necesidades, motivacións do alumnado.

- En contidos: os alumnos e alumnas con dificultades de seguimento, deben ao menos alcanzar os que se consideran contidos mínimos na materia.
- Nas actividades: serán variadas e diversas, co fin de facer un seguimento de cada alumno e alumna e as súas posibilidades. Desde as de reforzo ás de ampliación.
- En metodoloxía: nas exposicións tratarase de incidir no máis destacado, facer repasos..., no traballo realizar distintos tipos de agrupamento co fin de buscar solucións as súas dificultades.
- Na avaliación: distintas cuestións nas probas escritas, e diversidade de mecanismos de recuperación.

En canto aos alumnos e alumnas de diversificación curricular e educación especial,

no caso de telos, realizarase un especial seguimento dos seus avances na asimilación dos contidos. Con eles poderanse poñer en práctica as medidas anteriores. Os alumnos e alumnas de educación especial, dadas as súas características, avaliaranse seguindo de cerca os criterios establecidos polo Departamento de Orientación, polo tanto, non terán que dar conta dos contidos mínimos, e adaptarase ao temario á medida das súas posibilidades.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.

Para elaborar a incorporación das TIC ás materias impartidas por este departamento, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.
- Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe. Tamén se utilizará a aula de multimedia (con lousa dixital).
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

PLAN DE CONVIVENCIA

Este departamento establece como obxectivos para contribuír ao plan de convivencia do centro: Educar ao alumnado para a convivencia democrática, traballando na práctica docente a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

Respectar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito de súa competencia. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fora dela, corrixindo e pondo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.

Controlar as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

EDUCACIÓN EN VALORES

Tanto nos obxectivos, contidos e metodoloxía das disciplinas deste departamento céntranse na educación en valores: Educación para a cidadanía, Educación ético-civica, ética e filosofía do dereito e tanto a filosofía e cidadanía como a Historia da filosofía inclúen apartados específicos de contidos ético.

Ademais toda a metodoloxía establece o desenvolvemento das sesión dende una dinámica que reforza estes contidos

Para non ser redundantes remitimos ás programación das materias deste departamento.